

cerna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXIA E MEIO AMBIENTE

DOSSIER FORO ALTERNATIVO:
AS OUTRAS VOCES DO
PLANETA
50 ANOS DE BM-FMI ABONDAN

- MEDICOS CONTRA A INCINERACION
- CONTAMINACION NAS RIAS GALEGAS
- PARQUE NATURAL PARA AS FRAGAS DO ELUME
- O MEIO AMBIENTE NA COMARCA CORUÑESA

ROTEIRO ECOLÓXICO POR TERRAS DE NEIRA DE REI

FOREO

tendas ecolóxicas

Pón o seu dispor os seguintes productos:

Papel reciclado fotocopiadora/láser
Papel reciclado escritura
Libretas papel reciclado
Papel deseño fotocopiadora/láser
Papel contínuo para ordenador
Sobres e bolsas
Cartulinas
Transparencias fotocopiadora
Película Blanca
Marcos Protectores
Etiquetas ordenador

Outros productos

Libros • Maquetas de papel
Material oficina
Toner fotocopiadora • Toner láser
Xoguetes madeira
Acuarelas • Barnices, etc...



SANTIAGO

r/ Laverde Ruíz, 2 baixo
☎ (981) 56 54 87 • Fax 56 31 88



LUGO

r/ Xeneral Tella, 6 baixo
☎ (982) 25 01 98
Fax 25 01 98

VIGO

r/ Pintor Laxeiro, 8
☎ (986) 20 23 38
Fax 20 23 38



editorial

Unha das mais venerábeis palabras de orde dos movementos ecoloxistas é aquela de "pensar globalmente e actuar localmente". A recente reunión en Madrid do Foro Alternativo "As outras voces do planeta" paralela a do Banco Mundial debería ser unha badalada que nos acordara do soño da inocencia, do soño de que as matanzas de Ruanda ou a peste neumónica da India pertencen a un mundo distinto do noso. Mentres na reunión oficial do Banco os magnates subían e baixaban das súas limusinas recomendando a redución das pensións, case dúas mil persoas que actúan localmente cada día, nas loitas contra os encoros do Narmada ou contra as talas salvaxes en Indonesia, pensaban globalmente, e facían balance común do que no mundo fixo ese grande usureiro, ese grande entrometido en cada casa alleia, ese Banco Mundial que celebraba o seu 50 cabodano. E o balance semellaba claro: o Banco axudou a facer aos pobres mais pobres e ao planeta mais enfermo. E o Banco non pode facer propósito da emenda porque os que mandan, mandan. Infeliz cabodano: O Banco debe desaparecer, pediron os firmantes da Declaración do Foro Alternativo, unha declaración que polo seu enorme interese reproducimos completa no dossier deste número de CERNA.

Claro que se os amos de Washington son como son, os de aquí se non son piores é porque non poden. O Reino de España adicou un 0,27% da riqueza xerada (en culto: do PIB) durante 1993 á "axuda" aos países pobres. Os orzamentos do vindeiro ano contemplan elevar a un 0,3 este magno desembolso, xa que ao Sr. Solbes parece-lle que ese 0,7% que piden diversos movementos de solidariedade co Terceiro Mundo (e que resulta moi inferior á media do destinado polos países da OCDE) é demasiado "comprometer al Estado". Aínda que ben visto, se as "axudas" seguen a ser o que foron nos últimos anos, ún chega a dudar se non sería mellor que desapareceran. No 1993 a metade das "axudas" non foron tais axudas senón créditos (que deben ser devoltos) e, nos mais dos casos, afectados á adquisición de produtos españois, en non poucos casos armas, tal e como foi o caso dos 50.000 millóns de pts. que se concederon a Marrocos para a adquisición de armas, municións e vehículos todo-terreo. Nós tamén vendemos as armas coas que as poboacións do Terceiro Mundo se matan e logo as anotamos nas contas do estado como "ayudas al desarrollo".

Emporiso, debemos pedir o 0,7%, e mais a ser posíbel, pero tamén debemos pedir garantías de que eses fondos non van ser dardos enveñados. E sobre todo, non debemos renunciar á loita por unha nova orde mundial na que non nos teñamos que avergoñar de ser cidadáns do primeiro mundo ao abriremos o xornal cada mañá.

- 2 ACTUALIDADE
- ENTREVISTA
- 8 Conversa con Carlos Antunes, co-autor do manifesto eco-socialista por *Concha Fernández/Cerna*
- A CALIDADE DAS AGUAS
- 10 Contamianación e deterioro das rias Galegas por *Fiz F. Pérez e Lourdes Vila Amarelle*
- FRAGAS DO EUME
- 14 O Plan de Ordenamento de Recursos Naturais das Fragas do Eume. por *Rogelio Fernández Díaz*
- 16 O Parque Natural das Fragas do Eume: Virtudes e defectos do Proxecto. por *Carlos Vales*
- 17 O posicionamento de Adega ante o PORN das Fragas do Eume por *Manuel Soto Castiñeira*
- DOSSIER
- 21 DECLARACION DE MADRID DO FORO ALTERNATIVO. "AS OUTRAS VOCES DO PLANETA". 50 ANOS DE BM-FMI ABONDAN
- ROTEIRO ECOLOXICO
- 33 O Canón e o Val do Neira: Unha paisaxe para disfrutar por *Daniel Vispo, Manuel Soto e Esther Rodríguez*
- A NOSA FLORA
- 37 As ericáceas galegas por *Henrique Niño Ricoi*
- O MEIO AMBIENTE NA HISTORIA
- 40 Ragnar Hult. As excursións dun científico holandés en 1899 pola Galiza por *Xosé A. Fraga Vázquez*
- A NATUREZA NA LITERATURA
- 42 Manuel Maria: A voz natural dun "labrego con algo de poeta" (I) por *Emilio Xosé Insua*
- COMARCAS
- 45 O meio ambiente na comarca coruñesa por *Pedro Santiago*
- A/O PEQUENA/O ECOLOXISTA
- 48 Ir a por cogumelos. por *Elvira Cienfuegos e Pepe Salvadores.*
- 50 ACTIVIDADES/OPINION
- 52 LIVROS

FRAGAS DO EUME



A saída á luz do Plan de Ordenamento dos Recursos Naturais (PORN) das Fragas do Eume, longamente esperado polo ecoloxismo, suscitou unha forte polémica na Galiza. A razón fundamental é a ausencia dun programa de compensacións e promoción económica da zona, aspecto de importancia que mesmo pode chegar a inviabilizalo socialmente. Neste número, Cerna recolle as valoracións de Rogelio Fernández, redactor do PORN, de Carlos vales, ecoloxista e estudoso das Fragas do Eume, e de ADEGA, que presentou alegacións reclamando a mellora do PORN (páxina 14).

FORO ALTERNATIVO

Coincidindo coa celebración en Madrid do 50 aniversario do BM e do FMI, mais de 1500 persoas, en representación de diversas organizacións non gubernamentais dos cinco continentes, constituíron-se en FORO ALTERNATIVO, para analizar en profundidade as consecuencias da política económica e de intercambio internacional promovida polos mentados organismos. Cerna reproduce o texto completo da "Declaración de Madrid" do Foro Alternativo, na que reclaman un replanteamento da política internacional e piden a disolución do BM e do FMI. A declaración engaden-se aportacións de Xan Carmona acerca das nefastas consecuencias económicas, ecolóxicas e sociais da actuación de tales entidades (páxina 21).

CERNA: Revista Galega de Ecoloxia e Meio Ambiente
Rúa de Touro 21-2º
15704-Santiago
Tlf. 981-570099
Fax. 981-570099

Consello de Redación: Joam Carmona, Elvira Cienfuegos, Concha Fernández, Rosa Fernández, Emilio Insua, Xesús Pereiras, Esther Rodríguez, Pepe Salvadores, Manuel Soto, Carlos Vales.

Edita ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Novembro de 1994.

Fotocomposición, montaxe, deseño e fotomecánica: Agencia Gráfica. Santiago.

Tanto en artigos como noutras colaboracións, respéitase a normativa lingüística do autor. Cerna non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores.

Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte.

Papel reciclado 100% para preservar os bosques.

Depósito legal: C-913-1986.

COLABORADORES
GRAFICOS

Xaquín Marín, Andrade, P. Salvadores, Luis I. Niño, Xurxo Lobato, Xan Muras

Fotografía da capa: Carlos Vales
Contracapa: Pepe Salvadores

PROFESIONAIS DA SANIDADE GALEGA PRONUNCIAN-SE CONTRA A INCINERACION (*)

MEDICOS CONTRA A INCINERACION

A era industrial e tecnolóxica que estamos a vivir está mostrando sérias deficiencias de xestión e imaxinación fronte aos crecentes problemas medioambientais que se lle plantean. A xestión do lixo (RSU) e dos residuos tóxicos e perigosos (RTP) é un destes problemas, sendo a incineración a única alternativa "viable" proposta desde os organismos gubernamentais. Esta política traduciu-se na Galiza na construción da Planta de tratamento e cemiterio de RTPs de Somozas, na incineración de aceites usados en Lendo (Laracha) e Cambados, na aparición de diferentes iniciativas privadas para a instalación de incineradoras de RTPs (primeiro en Somozas e depois en Curtis-Teixeiro), e no proxecto de tratamento de RSU de Galiza, que pretende a instalación dunha macroincineradora en Meirama, para queimar o 96% do lixo urbano de todo o país.

Como profesionais da sanidade encargados, polo noso código ético, de velar pola saúde da nosa sociedade, debemos manifestar que:

1) A incineración xenera e emite unha grande cantidade de substancias tóxicas de difícil cuantificación e control, sen que a temperatura de

queimado modifique sustancialmente este feito¹. De entre todas elas, a familia das dibenzo-p-dioxinas (DIOXINAS), dibenzofuranos (FURANOS) e bifenilopoliclorados (PCBs) teñen-se demostrado extremadamente tóxicas para os organismos vivos. Son substancias moi liposolubles, cunha vida media elevada en anos, o que permite a súa acumulación progresiva nos nosos corpos. O seu mecanismo de toxicidade, aínda mal coñecido, parece estar relacionado coa homeostase de diversos sistemas enzimáticos².

2) Dioxinas, Furanos e PCBs están claramente implicados no desenrolo de diversas afeccións respiratorias, alérxicas e cutáneas, e o que é máis preocupante, nun incremento de alteracións inmunolóxicas e cánceres³. Os estudos epidemiolóxicos existentes mostran un mecanismo de toxicidade sobre poboacións de tipo crónico, con manifestacións graves a medio e longo prazo, o que fai que sexan pouco evidentes para os cidadáns e facilmente manipulabeis por organismos oficiais e privados interesados.

3) A incineración crea novos residuos (cinzas, filtros, aerosois, gases, etc...) cun menor volume pero maior


toxicidade e, por tanto, de máis difícil manexo. En todo o proceso pasan á biosfera cantidades apreciabeis destas substancias tóxicas⁴, onde a súa elevada vida media permite a súa acumulación. O ser humano é especialmente sensíbel a esta acumulación, ao achar-se na cúspide da cadea biotrófica (os niveis máis altos teñen-se detectado no leite materno).

4) As dioxinas e furanos son substancias sen utilidade industrial nen comercial, formadas como subprodutos da nosa actividade industrial. Enfrentamo-nos por tanto a tóxicos descoñecidos até o momento nos organismos vivos⁵ e ás imprevisíbeis consecuencias dos seus efectos. Calquera acción tendente a disminuir, ou mellor a eliminar, a súa produción debe ser considerada como unha auténtica medida de prevención sanitaria. Nesta liña, consideramos que a aplicación dunha análise custo/beneficio puramente económica é totalmente inadecuada para a toma de decisións na xestión dos residuos urbanos e industriais.

5) Propomos o desenrolo de estratexias que permitan unha produción industrial limpa, que xenere os mínimos residuos posibles; a adopción de medidas tendentes ao reciclado e á reutilización de produtos (separación en orixen, uniformidade -no posibles resinas plásticas, compostización da basura orgánica, etc; penalizar a cultura de usar e tirar inxustificada.

Estando en xogo, como está, a nosa saúde e a das xeneracións vindeiras, non podemos senon expresar a nosa oposición á política actual de promover a incineración, exixindo a paralización dos proxectos existentes na actualidade e a súa substitución por alternativas de menor impacto medioambiental e sanitario. ■

As dioxinas xeran-se na combustión do lixo en presenza de compostos de cloro (PVC, etc), sexa nas incineradoras ou nos vertederos que hoxe están a arder por toda a Galiza. A Xunta non só manifesta unha absoluta despreocupación pola contaminación do ar e dos alimentos que están ao redor destes lixeiros, senon que pretende a instalación dunha macroincineradora para queimar o lixo de toda Galiza.



CONTACTOS:

ADEGA: Rua de Touro 21-2º
15704-Santiago (tlf. 570099)

AGENG: Rua das Hortas 31-baixo
Santiago (tlf. 575444)

(*) Mais de 400 profesionais galegos da sanidade xá asinaron este escrito.

¿É VIABLE EN GALICIA UN PLAN BASEADO NOS 3 R (REDUCCION, REUTILIZACION, RECI-CLAXE)?

Unha enquisa de Sondaxe publicada por "La Voz de Galicia" o 4 de Setembro deste ano reflicte que o 85% da poboación galega maior de 18 anos é partidaria de clasificar os residuos que se producen no propio domicilio.

Son sen dúbida resultados gratificantes para o ecoloxismo galego que poñen de manifesto actitudes responsables cara o medio nun aspecto, o dos residuos, que está sendo un dos principais problemas ambientais a nivel global e tamén a nivel galego. O ecoloxismo está de noraboa: de algo serviron os esforzos dirixidos a concienciación cidadá nesta materia. Os

datos recién revelados veñen a ser unha inxección de novos azos para seguir traballando.

¿Tomarían nota dos resultados os responsables do Plan de Xestión e Tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos de Galicia? Por se non o fixeran, ADEGA enviou escritos ós distintos grupos parlamentarios, ó Conselleiro de Política Territorial e ó Presidente da Xunta, instándoos a que, en base ós novos datos, reconsiderasen o actual Plan de Residuos e o substituísen por outro baseado na minimización dos mesmos, na recuperación e na reciclaxe. E é que tiñan argumentado que no noso país non

era viable unha recollida selectiva do lixo porque a poboación carecía de educación ambiental neste senso. Pois ben, sen máis campañas cas dos ecoloxistas, velaí a vontade maioritaria da poboación (na que, sen dúbida, os medios de comunicación xogaron un importante papel), en clara consoancia coas tendencias e modelos dos países europeos máis adiantados. Pola contra o Plan que ven propugnando a Xunta contempla a incineración para a práctica totalidade dos residuos, cando a media de RSU incinerados nos países da Comunidade Europea non supera o 25%.

A separación en orixe posibilita a recuperación e a reciclaxe (compostaxe incluída) e permite a redución, obxectivo final e solución definitiva. A incineración é, na práctica, incompatible con todo o anterior. Unha vez máis os administrados van por diante da Administración en materia ambiental: Galicia, contra o que se viña dicindo, non é diferente doutras comunidades e doutros países que sosteñen actitudes favorables cara a separación selectiva e a reciclaxe; se non hai avances reais non é por falta de vontade dos galegos e galegas. ■

Elvira Cienfuegos

O FISCAL XEFE DE PONTEVEDRA VAI ACTUAR CONTRA ENCE-ELNOSA POR DELITO ECÓLÓXICO

No pasado verán saltaba á prensa a nova de que o Fiscal Xefe da Audiencia de Pontevedra quería levar ao Xuzgado aos máximos responsábeis da Celulosa de Pontevedra, por un presunto delito ecolóxico. Este pronunciamiento do Fiscal é o resultado final dunha serie de dilixencias previas que comenzaron hai catro anos. O titular do Xuzgado número 2 de Pontevedra e un advogado que exerce a acusación particular en nome da Asociación para a Defensa da Ria, viñan realizando un calado traballo para conseguiren demostrar que Celulosas e Elnosa cometeran un delito ecolóxico. Nos últimos anos tamén se acumularon informes científicos (o último o da Wallace Evans) que demostraban o contínuo incumplimento da lexislación por parte do complexo industrial. Por todo isto o Fiscal

chama a declarar en cualidade de imputado ao que foi xerente da empresa nos últimos 20 anos o Sr. Xosé Garrido, así mesmo terán que comparecer como testemuñas o conselleiro Xosé Cuiña, o alcande de Pontevedra Xavier Cobián e o presidente da Deputación Cesar Mera.

Esperemos que a solicitude do Fiscal ao Xuiz de novas probas para mellor sustentar a súa actuación, non demore o xuizo, xa que os informes científicos e da propia Administración son suficientemente concluintes para proceder ao procesamento dos responsábeis da empresa, e o feche definitivo da mesma. Para coñecer mellor esta triste historia pode-se consultar o dossier que a revista CERNA publicou no seu número 10, sobre os 30 anos de degradación que a ria de Pontevedra leva padecendo. ■

J.Pereiras



AUGA POTÁBEL PARA LUGO XA



Xa no número anterior escribiamos sobre a contaminación do Miño ao seu paso por Lugo e dos problemas que ela orixina a toda a poboación ao ser a auga do Miño a que se utiliza para o suministro de auga potábel á cidade de Lugo. Coa caída de caudal que se produce nos meses de verán diminúe enormemente a capacidade de dilución e de autodepuración do río, facendo a situación moito máis grave, até o punto de a mesma Delegación de Sanidade ter que restrinxir as zonas de baño. En canto á auga potabilizada, as declaracións oficiais son, por costume, contraditorias e pouco craras, o que, engadido ao mal sabor e cheiro da auga do grifo, fai que a desconfianza medre entre os consumidores e que cada día sexan máis os que se recurren ás fontes tradicionais para abastecerse de auga potábel.

O traballo de denuncia constante que a Plataforma pola Defensa do Miño ven facendo dende fai dous anos ten provocado que o conxunto das forzas políticas municipais asuma, por fin, a necesidade de reme-

diar esta situación e, nun Pleno extraordinario convocado pola oposición municipal, -BNG, CNG, EU e PSOE-, o Grupo Popular acabou por asumir nove das dez resolucións presentadas pola oposición, oito delas referidas ao saneamento do Miño.

Aínda dando por certo e seguro o dubidoso compromiso do Grupo Popular coas resolucións aprobadas, resulta contraditorio que se rexeitase a resolución que facía referencia á especulación urbanizadora que, — dende a instalación de CONTINENTE no lugar dunha centenaria carballeira nas beiras do Miño—, amiaza con converter ao río nun caudal de auga canalizado.

Para nós, as beiras dun río son parte inseparable e esencial para a saúde e vitalidade do mesmo. Pero, ademais, as beiras do Miño son tamén paisaxe, cultura, historia e lugar idóneo para dotar a Lugo dunha ampla Zona Verde e Recreativa. É por isto que, o mesmo que onte nos opuxemos á instalación de CONTINENTE, nos opoñemos hoxe á instalación definitiva do Recinto Feiral nas beiras do

Miño. O Concello dispón hoxe de moitos outros terrenos igualmente idóneos para a ubicación da Feira e, polo tanto, non deberamos permitir que a urbanización do Recinto Feiral e a súa actividade comercial veñan a consolidar definitivamente nas beiras do Miño a salvaxe aberración de CONTINENTE.

Defenderse da especulación non é, dende logo, traballo fácil. Só neste verán tén provocado máis dunha dúcia de denuncias e unha agresión brutal dun axente municipal contra un compañeiro. Mais non, por iso, imos renunciar. Seguimos e seguiremos no traballo de concienciar á toda a cidadanía de Lugo para que sexa ela quen exixa dos responsábeis municipais outra sensibilidade cara o entorno do Miño. Con este fin está convocada unha manifestación para o próximo día 13 de Novembro. Agardamos que ela sirva para avanzar na conciencia e no compromiso cos problemas do Miño. ■

Plataforma pola Defensa do Miño
Xermán Alonso, 6-2º
27004 LUGO

VICIÑOS E ECOLOXISTAS EXIXEN O SANEAMENTO INTEGRAL DO RIO

SALVEMOS O TEA

O pasado domingo 4 de setembro celebrouse en Ponteareas unha concorrida manifestación, convocada pola Asociación para a Defensa da Natureza do Condado (ADENCO), baixo o lema de "Salvemos o Tea". Durante a mesma puideron escoitarse consignas como "Basureiro do Foxaco, atentado contra o Tea", "Rio limpo, fonte de riqueza", "Salvemos o Tea, sexa como sexa" ou "O río do Condado, está contaminado".

Apoiaron este acto reivindicativo numerosas entidades, entre as que cabe salientar a AGENG, as asociacións de veciños de varias parroquias (Alxén, Fornelos da Ribeira, Guillade, Moreira, Pesqueiras...), os clubs de piragüismo de Mondariz e Salvaterra e diversas forzas políticas, entre as que non figuraba, como era de agardar, o PP, partido que goberna a práctica totalidade dos concellos bañados polas augas do río Tea.

Os convocantes leron un comunicado no que sinalaron ao Concello de Ponteareas e á Xunta de Galiza como máximos responsables de que un dos ríos máis limpos, até hai pouco, de toda Galiza estexa convertido na actualidade nunha cloaca, nome-

adamente no seu curso medio-baixo. Denunciaron, ademais, a existencia de até cinco proxectos de minicentrais para o curso alto do río.

As talas indiscriminadas, as edificacións nas franxas inmediatas ao río, os vertidos industriais e de augas residuais-fecais sen depurar, a contaminación en diversas praias (As Partidas), a extracción ilegal de area, os aterramentos e recheos sen licéncia, etc. son algúns dos graves problemas do río Tea denunciados por ADENCO.

Fronte a este estado de cousas, os ecoloxistas e as entidades cidadás que os apoian esixen o saneamento integral do río, a demolición ou reforma dalgúns presas, a protección das ribeiras, maior vixiáncia para evitar recheos, extraccións e vertidos incontrolados, a denegación dos proxectos de minicentrais e o acondicionamento de lugares para o disfrute do río. ADENCO, logo de resaltar a numerosa participación no acto, declarou que ten pensado continuar coas mobilizacións. ❖

Emilio Insua

SEGUNDA CAMPAÑA COASTWATCH EN GALICIA

CoastWatch iniciouse o ano 1987 en Dublín; na actualidade son 21 os países europeos que participan no proxecto. No Estado Español constituíronse os primeiros grupos na Comunidade de Valencia no ano 1990; Galicia, xunto coa Rexión Murciana, incorporouse o ano pasado e así son xa todas as Comunidades que están involucradas.

A actividade dos grupos participantes no proxecto consiste na inspección, a finais de Outubro, dun tramo de 5Km de costa (Bloque) subdividida en 10 unidades. O estado ambiental de cada Unidade recóllese en forma de respostas ás cuestións dunha enquisa homologada, única, para todos os países (Poden engadirse, como complemento, outras preguntas: é o que se vai facer en Galicia na Campaña 94). Os datos recollidos son enviados á equipa coordinadora de COASTWATCH-Galicia para o seu tratamento informático e posterior redacción dun Informe anual sobre a costa galega; este informe é enviado á Coordinadora Estatal para o Informe da Costa do Estado Español -acaba de ser publicado o correspondente ó ano 1993. Cos informes dos 21 países participantes elaborase un documento que reflicte o estado ambiental das costas de Europa.

Na campaña do 93, en Galicia participaron 1740 persoas, organizadas arredor de 13 Centros de EXB, 17 Institutos, 3 grupos universitarios, 7 Colectivos ecoloxistas e 13 grupos de amigos. Cubríronse un total de 477 enquisas, a maioría na provincia de Pontevedra, que recollen a inspección de aproximadamente un 25% do litoral (a maioría das Comunidades do Estado mostrean o 100%).

Para a campaña do 94 espérase incrementar a participación, particularmente nas provincias de A Coruña e Lugo. Os interesados e interesadas poden dirixirse a Pilar Antelo (981-564736), José Antonio Martínez (982-580949), Fernando Lahuerta (986-365726), Carmela García (986-230558) ou Tano Mato (986-812335). ❖

A MESA PARA A DEFENSA DOS CAMIÑOS DE FERRO NA GALIZA

Ante o plan de desmantelamento progresivo da rede galega de camiños de ferro e para facer valer a súa voz de protesta, constituíu-se en Betanzos, en setembro deste ano, a Mesa para a Defensa dos Camiños de Ferro na Galiza.

Sindicatos, partidos, empresarios, usuarios e distintos colectivos cidadáns e ecoloxistas compoñen esta Plataforma que protagonizou distintas mobilizacións en toda Galiza parando o tren nas principais capitais galegas tres domingos consecutivos e culminando os actos de protesta coas multitudinarias manifestacións de Monforte e A Coruña.

A denuncia é unánime: os camiños de ferro de Galiza están obsoletos e precisan un plano global de mellora. As actuacións en infraestructuras, material rodante e servi-

zos son imprescindíbeis: a modificación e renovación do trazado, a electrificación, a modernización do

senalamento e a seguridade, a modernización do material rodante, a supresión dos pasos a nivel, a creación da rede de cercanías nas áreas metropolitanas... son algúns exemplos das carencias. A oposición á supresión de servizos e á baixa calificación das liñas (Monforte-Lugo-A



A AUTOVIA DO NOROESTE AMIAZA CON DESTRUIR O VAL DO NEIRA

Continua a campaña de veciños e ecoloxistas contra o paso da Autovia do Noroeste polo Val do Neira. No pasado mes de setembro entregaron-se unhas 1300 sinaturas na sede do Ministerio de Obras Públicas, Transporte e Meio Ambiente solicitando que se desbote definitivamente o trazado E/D2 polo val do Neira, e se substitúa polo trazado A que transcorre paralelo á Nacional VI, debidamente modificado para evitar os danos no regato do Convento. O mesmo día, representantes dos veciños e de Adegas, xuntamente co alcalde de Baralla, reuníron-se en Madrid con responsábeis do MOPTMA. Entre estes figuraba o entón Secretario Xeral para as Infraestructuras do Transporte Terrestre, Emilio Pérez Touriño, que se comprometeu a

revisar ambos trazados e retomar aquel menos impactante.

Sobre o impacto ambiental da Autovia polo Val do Neira abondamos no anterior número de Cerna. Pero cabe recordar que o propio EIA (Estudo de Impacto Ambiental) consideraba máis impactante no medio a alternativa E/D2 que a alternativa A, decidíndose por aquela en base a un aforro duns 4 mil millóns de pesetas ao prescindir dun túnel de 1200 metros. A alternativa E/D2 destruírá completamente o Canón e o Val do Neira, de grande valor ecolóxico e paisaxístico (vexa-se o roteiro ecolóxico neste número de Cerna) e tamén socio-económico. A modo comparativo, a alternativa E/D2 polo Val do Neira movería 2 veces máis escombros e necesitaría 3 veces

máis terrapléns que a alternativa A, sendo ademais a lonxitude da primeira un 33% maior que a da segunda, cifra que se incrementa até un 66% se nos referimos á lonxitude dos trazados en superficie. A alternativa eleita polo MOPTMA transcorre por ladeiras de pendente entre o 100 e o 200% no canón do Neira, e destrúe irreversiblemente o val do Neira. Durante o período de alegacións, veciños e ecoloxistas (Cdenat, Xevale, CODA e AGENG) tiñan solicitado o cambio de trazado da alternativa E/D2 pola A.

A campaña desenvolvida até o momento conseguiu o apoio formal do concello de Baralla e da Diputación de Lugo. Porén, até o momento non temos recibido constatación algunha do ministerio, e hai indicios de que o PSOE (ministerio)

Coruña-Ferrol) é contundente.

Fronte a esta situación, a Plataforma reclama un investimento non inferior a 20.000 millóns de ptas. a cargo dos presupostos xerais do Estado para 1995 e esixe da Xunta de Galiza que asuma a súa responsabilidade política e reclamar os medios precisos para modernizar os camiños de ferro e adapta-los á realidade galega facendo valer as competencias do Estatuto de Autonomía e non sendo cómplice dos planos de Renfe e da Administración Central de desmantelar a rede de camiños de ferro de Galiza.

No número 6 de Cerna temos publicado un artigo no que se valoran as vantaxes sociais e ecolóxicas do tren, mui superiores ás doutros medios de transporte, nomeadamente ás estradas e autoestradas. É por elo que saudamos con esperanza o traballo desta Mesa. ❖

Esther Rodríguez

e o PP galego (Diputación, Xunta) chegaron a un acordo para non modificar o trazado, presionados polos responsábeis inmediatos das obras, a Demarcación de Carreteras de A Coruña.

Os enxeñeiros de A Coruña teñen mostrado xa noutros temas unha nula conciencia ambiental, como sucedeu no caso das Pozas de Melón ou da Frga de Toén, destruídas pola Autovía das Rías Baixas. En relación co Val do Neira actuaron belixerantemente en contra dos viciños desde un comezo. Hoxe constituen o principal obstáculo para a modificación do trazado, tendo conseguido acercar ao PP aos seus intereses. Adega continua coas accións en contra da Autovía polo Val do Neira, sen descartar unha oposición frontal á autovía en consecuencia da inercia da propia administración. ❖

Manuel Soto Castiñeira

MOVER-SE MAIS PARA CHEGAR MENOS

Unha Comisión Real, presidida polo prestixioso científico e conselleiro governamental Sir John Houghton, vai presentar este mes o resultado de ano e meio de traballo sobre a contaminación ambiental en Inglaterra. Algunhas das súas conclusións filtraron-se á prensa a finais de setembro e mereceron titulares de primeira páxina: "O reinado do automóvil debe acabar" encabezou, por exemplo o "Independent" o seu adianto do documento. ¿Por qué tanto rebumbio?. Pois porque a Comisión, tras constatar que "a construción de estradas por sí mesma produce tráfico" propón "a práctica paralización de todos os programas de construción de estradas e o desvío dos diñeiros governamentais ao transporte público, incluíndo os camiños de ferro" (Independent, 25/9/1994).

A afirmación de que mais e millares estradas = mais tráfico, polo que a medio prazo as milloras en estradas autoanulan-se e precisan de novos investimentos nelas, ven sendo constatada en numerosos estudos recentes (vexa-se por exemplo a última edición do prestixioso informe La situación en el mundo, que edita anualmente o nada radical Worldwatch Institute de Washington). E, na realidade, non debera sorprendernos: cada vez recorremos mais distancia para realizar os mesmos cometidos cotiáns (se non houbera autoestrada Santiago-A Coruña, ¿irían moitos composteláns á merca aos hipermercados desta última cidade?). O coche favorece a urbanización dispersa e con elo a multiplicación do número de traxectos por familia, xa que en tal forma

de hábitat é preciso coller o coche para calquera desprazamento, provocando así ademais da correspondente perda de terreo agrícola e recreativo engarrafamentos á entrada nas cidades que esixen á súa vez a ampliación dos accesos ás mesmas, das superficies de aparcamentos, etc. Unha vez construídos estes accesos, mais cidadáns se animan a facer mais casiñas mais lonxe do lugar no que traballan, van a escola, etc., e a historia volve a comezar. Maior mobilidade non implica un mellor acceso.

Con toda a parsimonia e parcialidade que se queira, pero en moitas administracións europeas e norteamericanas están comezando a estudar-se medidas -e en menor medida a aplicar-se- para limitar o tráfico automóvil privado e favorecer os transportes públicos. Unha das que por exemplo propón o informe da Real Comisión inglesa é a de forzar á que as novas escolas, establecementos comerciais, hospitais e lugares de traballo se sitúen nas rutas dos transportes públicos, especialmente dos eléctricos, e de que se gasten os cartos previstos para novas estradas en favorecer esta política.

Os Cuíña, Pérez Touriño, Ramilo, etc. están empeñados en que Galiza siga -con ou sen peaxe- o mesmo camiño motorizado do que agora outros países comezan a querer escapar. Non sería mais prudente atallar, investindo hoxe en transporte público, en ferrocarril e mais en ordenación do territorio en vez de no fomento do transporte privado?. Pois non, sempre tarde, mal e a rastras. ❖

.....

RENFE e outras 12 empresas ferroviarias europeas veñen de asinar un acordo con dúas coñecidas marcas de automoveis-turismo polo que o transporte dos coches destas marcas entre as fábricas e os puntos de venda e mais o de pezas dunhas fábricas a outras da mesma empresa vai-se facer a partir de agora por ferrocarril. A CITRÖEN de Vigo non vai ter a mesma oportunidade porque os ferrocarriles galegos están en proceso de desmantelamento. Mira que se logo de ter as tan cacarexadas autovías, resulta que a principal empresa viguesa emigra por non termos ferrocarril, tería gracia, ¿non si? ❖

Joam Carmona

CO-AUTOR DO MANIFESTO ECOSOCIALISTA

CONVERSA CON CARLOS ANTUNES

CONCHA FERNÁNDEZ / CERNA

.....


Carlos Antunes foi xunto con Pierre Juquin, Penny Kemp, Isabelle Stengers, Wilfried Telkämper e Frieder Otto Wolf redactor do Manifesto Ecosocialista publicado no ano 1990. Portugués, formou-se nas loitas de resposta contra o Estado fascista de Salazar, sendo considerado como autor moral das accións armadas das Brigadas Revolucionárias. Depois da revolución dos cravos pasou a cuestionar os planteamentos teóricos, e sobre todo a práctica, dos partidos da esquerda tradicional. Hoxe defende a necesidade dunha intervención social e política non partidária, e adica os seus esforzos ao traballo en OIKIA promovendo un desenvolvemento integrado en Angola, Mozambique e outras zonas de Africa. Recentemente falou en Santiago para a Revista Cerna.

Cerna. Para comezaremos, faga-nos un breve repaso da súa historia persoal e política.

C.A. A miña entrada na actividade política estivo condicionada pola historia política de Portugal, onde até o 1974 vivimos nun rexime fascista. Nos 50 a resistencia estaba moi fraccionada; eu tiven o meu primeiro contacto coa actividade política na resistencia, estando no Movimento Unidade Democrática Xuvenil (MUDE XUVENIL). Máis tarde entrei a formar parte do Partido Comunista de Portugal, dentro do que fundamos o Partido Revolucionário do Proletariado e posteriormente o seu brazo armado, as Brigadas Revolucionárias. Depois, no ano 1959, pasei á clandestinidade.

Sempre defendemos un Estado Democrático Moderno na Europa, atentando contra o Estado fascista de Salazar, que en realidade era naquel momento un estado de guerra predemocrático. Nós distinguimos moi ben cal era o obxectivo a conquistar, unha Democracia Parlamentar e un Estado de igualdade. As Brigadas Revolucionárias foron responsábeis de atentados contra intereses do Estado fascista, procesos de insurrección, sabotaxes, ate bombas... Aínda este ano teño un proceso pendente daquela época.

Depois do 74 todo mudou: vimos a necesidade de facer un proxecto máis común que incluíra cuestións que estaban xa presentes no noso ideário durante a resistencia e outras ás que non tiñamos sido capaces de responder. Démo-nos conta de que o programa non respondía, a esas alturas, aos problemas diários aos que nos enfrentabamos en Europa e no mundo e polo tanto había que conducir a nosa actividade noutras direccións, procurando xunto cos movementos verdes, pacifistas, feminis-



tas e alternativos, atopar outra "formulación" das cousas. Foi nesta medida que me entreguei a postulados ecosocialistas. Naquel momento eu xa non pertencía a nengunha organización política partidária, si pertencía (e pertenzo) a varias organizacións non partidárias nas que desenvolvo o meu traballo.

Cerna. Vostede pasou de promover a loita armada a unha actividade baseada nunha concepción mais global e iterativa cos diferentes grupos sociais, que inclúe mesmo o pacifismo. ¿Cómo foi iso?

C.A. Imos por partes. Nun acto de reflexión sobre a loita armada que nós fixemos, e cunha concepción pacifista, perante aquela situación volvería a tomar a mesma opción. No concerto da violencia era obri-

gado "resistir" dunha forma diferente. Era unha concepción instrumental para voltar a un rexime concreto de liberdade. As accións que nós levabamos a cabo xamais danaron a nengunha persoa; servíanos para dar a impresión dunha resistencia forte e organizada, era fundamentalmente unha forma de axitación política. Sabotabamos instalacións militares, barcos de guerra, tanques, helicópteros que ían para a guerra en Africa. Destruímos o Ministerio de Traballo, polo seu significado na represión dos traballadores; destruímos o Ministerio do Interior... Actuabamos de forma mais que militar, "ruidosamente". Utilizabamos petardos para lanzar sobre as prazas propaganda.

É esta unha visión que podemos chamar "romántica" da loita armada, xa que nunca entramos nas fases militarizadas. Era

unha viaxe diferente a doutros grupos armados; nós tiñamos unhas características especiais, por iso a caída do rexime represivo e fascista non supuxo un proceso de ruptura nas nosas concepcións. De todos os xeitos, foi unha discusión moi axitada no seo do partido e de grande transcendencia na miña vida.

Cerna. ¿E respecto ao ecosocialismo?

C.A. As concepcións ecolóxicas comezaron ligadas a natureza, ao culto pola natureza; mais hoxe o ecoloxismo engloba aspectos muito importantes como a limitación dos recursos e da degradación ambiental pola contaminación. Achamo-nos perante un modelo cientifista e baseado nun desenvolvemento tecnolóxico galopante; pero este modelo de desenvolvemento a estas alturas non ten resolto o problema ambiental, nen sequera o reparto equitativo e controlado de recursos. Entón o que verificamos foi e é unha crise internacional, á que ninguén foi capaz de "acompañar idiolóxicamente", de dar unha resposta alternativa.

Digamos que o que son os grandes soportes do Estado actual, tanto na Europa como en América ou Asia, non consideran este aspecto. Aínda que algúns xa empezan a falar dun modelo ecolóxico, é falsamente ecolóxico. Por qué? Porque isto presupón que non se van a gañar facilmente as eleccións, imos ter que gañar as eleccións dicindo que hai que ser máis austeros, reducir o consumo, en definitiva facer unha vida totalmente diferente. Isto é difícil para os partidos tradicionais e tal vez esté aquí unha das razóns polas que eu non sexa capaz de voltar a un partido político tradicional, porque dalgunha forma sempre iría contra corrente, coas miñas ideas sempre estaría enfrentado cun partido tradicional.

Por tanto aquilo que eu concibo como Ecosocialismo, intervención ecosocialista, ten unha historia e até ten unha cultura diferenciada que resulta moito máis rica e plural, provinte de discursos de movementos emancipadores con traxectorias diferen-

ciadas (ecoloxía, pacifismo, feminismo, ...) e con historias propias segundo os países. Nalgún momento dado todos nós -redactores/as do Manifesto- tivemos que romper cos nosos discurso anteriores.

Cerna. O manifesto ecosocialista conseguiu agrupar os esforzos de persoas de tan diversa procedencia formativa, política e mesmo cultural. ¿Cómo se xestou iso?

C.A. Digamos que a idea foi exactamente esa; o traballo de persoas que non son "virxes" senón que teñen unha traxectoria persoal de activismo político en diferentes movementos con diferentes concepcións. Tentamos ver os problemas actuais, que nos parecían ian ser claves na construción do futuro máis próximo, e demostrar que era un exercicio de democracia superar as diferencias que existían en determinadas cuestións. Si, efectivamente, era complicado ter que facer rupturas no interior de cada un para aproximarse ao discurso do grupo. Por outro lado, nós non temos unha visión monolítica das cousas, non hai unha disciplina entre nós e para co grupo, senón que cada un procura afrontar os problemas dacordo co grupo e/ou en común con outros movementos.

Cerna. ¿Qué vos levou a esa posta en común?

C.A. Nós pensamos que era preciso cuestionar por un lado a esquerda chamada socialista demostrando que ela non tiña a posibilidade de dar respostas alternativas a cuestións como a ambiental, o pacifismo, ..., ou sexa que non respondía aos problemas que hoxe se lle plantexan. E por outro, aos ecoloxistas, que aínda que de diferentes matrices ideolóxicas, ignoraban o sistema político, os problemas sociais. Digamos que nós rompemos simultaneamente con certas concepcións ideolóxicas da ecoloxía apartadas da acción política e social como tal e tamén con certas cocepcións do socialismo que non tiñan sido máis que a xestión do capitalismo ou a forma autoritaria dalgúns países do Leste enormemente perxudiciais para a ecoloxía. Foi este sentimento que estabamos a vivir o que nos levou a superar a nosa condición persoal, a propia historia e iniciar unha historia común; e penso que isto é un bo exercicio de democracia e avance ideolóxico.

No que respecta aos outros movementos, pacifista, feminista, nos consideramos que non é posíbel hoxe ser ecosocialista sen

A política debe responder a cuestións sociais, e isto podese facer desde fora dos partidos... desde os movementos emancipadores

ser simultaneamente feminista ou pacifista. Aquelo que marca fortemente a nosa época é a chegada da muller a vida social, a vida política e a vida cultural, significaría a chegada da metade da humanidade a plenitude dos seus dereitos sociais e políticos. É tamén a posibilidade de resolver non só cuestións dun colectivo se non que é indispensable para a comprensión dunha sociedade sen clases, sen discriminación.

Pero ollo!, nós non queremos que o movemento ecosocialista se confunda cos movementos emancipadores que xa teñen a súa dinámica, nós o que simplemente dicimos e que se non somos capaces de comprender o feminismo, o pacifismo, non podemos concebir o ecosocialismo. Digamos que é unha concepción moi pouco clásica da política, pensamos que sería traxico para a convivencia humana e para a natureza non asumir cuestións tan transcendentais como a igualdade e a paz. Os partidos políticos tradicionais non o souberon asimilar e dar alternativas, ao contrario o seu discurso foi-se encaixonando.

Cerna. Seguindo esta argumentación, que vías de traballo ten o ecosocialismo hoxe?

C.A. Nós mesmos temos neste momento montadas agrupacións pacifistas e ecoloxistas. Non estamos contra a política, mais ben ao contrario, somos pro-política, mais non pensamos que a política se deba reducir a unha actividade institucional e burocrática; pensamos que a política debe responder a cuestións sociais, e isto podese facer desde fora dos partidos. Se depois hai quen quere facer política ecolóxica partidaria poden, simplemente nós cremos que a política non ten que ser un partido. Nós traballamos na sensibilización de movementos sociais: sindicatos, educadores, os mesmos partidos políticos, mozos/as..., dalgún xeito "instrumentalizamos a súa inconsciencia" para conquistar os nosos obxectivos. É unha política de concienciación e de iniciativa. ■

Imos ter que gañar as eleccións dicindo que hai que ser máis austeros, reducir o consumo... Isto é difícil para os partidos tradicionais



O meio litoral, e as rias en particular, deben-se protexer por múltiples razóns, pero principalmente por seren fonte de alimentos para a poboación.

CONTAMINACION E DETERIORO DAS RÍAS GALEGAS

Fiz F. Pérez* e Lourdes Vila Amarelle**



Con este artigo, Cerna abre unha serie ao longo da que ofertaremos aos lectores unha análise da situación das nosas augas costeiras, fluviais, ou subterráneas. Comezamos precisamente polas rias, esas formacións xeolóxicas, vals fluviais afundidos, onde se moven e mesturan augas de orixe continental con augas de orixe oceánico.

As Rías Baixas galegas constitúen un ecosistema de gran riqueza e beleza, características estas que as fan apetecibles por infinidade de intereses, que ocasionan a súa fragilidade. A contaminación vertida polos efluentes urbanos, na práctica totalidade sen depurar, suman-se cantidades aínda maiores de contaminantes de procedencia industrial, ou derivada das actividades marisqueiras.

Os niveis de materia orgánica, con especial incidencia sobre os fondos mariños, a proliferación de microorganismos patóxicos que converten nun risco o baño en algunhas das praias, os contaminantes tóxicos e non biodegradables son algúns dos problemas que as aqueixan. Os numerosos recheos contribúen a acelerar a súa degradación.

USO E ABUSO DAS RÍAS

Consideradas en conxunto, as Rías Baixas galegas constitúen o mesmo tempo un ecosistema privilexiado dende o punto de vista da súa produtividade e da súa diversidade, sendo o asento das poboacións humanas máis numerosas e densas de Galicia. Ben que históricamente esta segunda característica é consecuencia da primeira, o certo é que, na actualidade, a diversificación e complexificación da actividade económica do entorno determina numerosas áreas de conflito entre os criterios de utilización do espazo e os intereses ambientais. Conflito que a usual política de laissez faire tende sistematicamente a resolver de maneiras simplistas, desaxetadas non só nunha perspectiva que teña en conta a totalidade dos intereses en xogo, senón tamén dende puntos de vista meramente económicos.

Unha complexa rede de intereses de todo orde converxen de forma desigual nas Rías Galegas. Os niveis de poboación, de industrialización, de especialización marisqueira, de carga turística ou de

tráfico marítimo maniféstanse de forma diferenciada en todas elas, pudéndose valorar tal feito coma una especialización se non fose pola falla total de planeamento. Igualmente, as características naturais das mesmas son muy similares, sin embargo a súa plasmación cuantitativa resulta ser particularizada en función da morfología.

CONTAMINACIÓN ORGÁNICA: RESIDUOS URBÁNS E INDUSTRIAIS

Uns dos máis graves impactos que as rías están a sufrir é o aporte de efluentes urbanos sen depurar nos que a carga contaminante máis importante é a materia orgánica. Baixo esta xenérica denominación englobase toda aquela materia que nalgún momento tivo unha orixe biolóxica, pero neste caso, refírese a aquela materia aportada polas redes de saneamento, que non expresa un contaminante específico nin un produto tóxico concreto, senón unha infinidade de compostos que sustentan material e enerxéticamente o desenvolvemento de virus e bacterias patóxicas. A súa contaminación baséase na degradación da salubridade das augas facéndoas non

*Investigador do Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC) de Vigo

** Profesora de Química e Ensino Médio.

aptas para o uso alimentario (cultivos mariños) nin para o baño.

Os niveis naturais de Carbono Orgánico Disolto (COD) no mar son baixos, aproximadamente de 1 ppm. A elevación dos niveis naturais de COD serve polo tanto de indicador para o estudo e a valoración da contaminación por carga orgánica dun ecosistema, pois esta elevación débese a un aporte de orixe humán. A medida que aumentan os valores de COD o sistema perde saúde e se estes valores acadan os 20 ppm provócase una perda moi alta de osíxeno, acadándose a anoxia e a morte biolóxica.

Determinadas industrias tamén contribúen notablemente a aumentar o nivel de COD nas rías, sendo as de máis influencia nas rías Baixas a Celulosa de Pontevedra, as conserveiras e o cultivo do mexillón.

Na táboa 1 amósase a distribución de COD na Ría de Vigo en función da distancia a un dos vertidos de materia orgánica máis importante da cidade. Das medidas realizadas obsérvase:

TÁBOA 1.- Niveis de Materia Orgánica Disolta en ppm (mg/l) en función da distancia ó vertido de Guixar (Ría de Vigo).

9-Maio -1994			23-Maio-1994		
Distancia (Km)	Salinidade (ppm)	COD (ppm)	Distancia (Km)	Salinidade (ppm)	COD (ppm)
0,01	34,21	2,8	0,01	25,72	18,8
0.05	33.68	4.9	0.05	29.16	4.3
0.15	34.16	1.83	0.15	28.51	3.1
0.50	34.65	1.52	0.50	27.62	3.1
1.2	34.60	1.36	1.2	26.70	2.3
3.5	34.70	1.75	3.5	31.02	1.68
11.2	34.85	1.50	11.2	31.95	1.64
21.5	35.08	1.43	21.5	31.36	1.63

a. Un elévadísimo valor de COD (18,8 ppm) a 10 m do vertido de Guixar. Este valor ten escasa significación e só afecta a un punto concreto nun momento determinado sen relevancia no estado xeral da ría, pero moi útil para determinar a concentración de COD no vertido puro.

b. Unha forte dilución do vertido, inferida polos cambios de salinidade observados nas proximidades do mesmo. Débese ter en conta que o contido en sal dun vertido urbán é practicamente nulo e en cambio a poucos metros do mesmo a salinidade medida é do mesmo orden ca observada no resto da Ría.

c. A dous ou tres mil metros do vertido, os niveis de COD son próximos a 1.8 ppm e a súa distribución é cáseque constante presentando unha tendencia á dilución según saímos da Ría.

d. Por extrapolación en ambos mostreos estímase que o contido de COD no vertido urbán puro (salinidade igual cero) é do orden de 120 ppm. A pesar de que o réxime de circulación da auga da ría foi diferente nas dúas mostraxes debido ás choivas caídas durante o segundo que ocasionaron valores de salinidade moito menores que no primeiro, a estima do COD no vertido sen diluir deu o mesmo valor. Este valor serve de referencia para o nivel de depuración que nun futuro se realice na Ría de Vigo e tamén a efectos comparativos con outros ecosistemas costeiros.

Aínda que na Ría de Vigo os fortes vertidos directos procedentes da cidade e de determinadas industrias (conserveiras e industria alimentaria) teñen cargas de COD moi altas, en termos globales os 2 ppm de COD rexistrados indican unha aceptable calidade da auga. Este afortunado contrasentido débese a acción conxunta da circulación, que renova rapidamente as augas, e da marea, polo forte efecto mesturador na zona de vertido (1).

Os valores de COD medidos na auga profunda das bocas das Rías ronda os 0.84 ppm, representado o valor típico das augas mariñas limpas. Esta auga con niveis sistemáticamente inferiores ós existentes nas capas superficiais, entra pola parte inferior das bocas das rías, sendo a responsable da dilución e do lavado do COD aportado polos vertidos urbanos ás Rías.

Os primeiros resultados de COD medidos na Ría de Pontevedra (TÁBOA 2) amosan elevados valores na zona interior da Ría (Estación de Tambo) e valores persistentes máis altos que os da Ría de Vigo (50-100%) no resto.

TÁBOA 2.- Niveis de COD medidos na Ría de Pontevedra 4 de Xullo de 1994

Estación	Salinidade	COD (ppm)
Tambo	33.90	10.6
Raxó	34.20	2.20
Boca Norte	35.20	2.95
Bueu	35.35	2.20
Aldán	35.42	3.20

En comparación cos aportes de materia orgánica á Ría de Vigo, na de Pontevedra hai un vertido de materia orgánica extraordinario de "Celulosas" aproximadamente tres veces superior ó realizado en Vigo. A pesar de ter unha cidade máis pequena o contido de COD é maior, o que indica o grao de afección da empresa ENCE no referente a contaminación orgánica. Separando a componente natural do COD (1 ppm en ámbolos casos), a de orixe antropoxénica é sempre como mínimo dúas veces superior na ría de Pontevedra que a na ría de Vigo.

En Galicia, a industria conserveira (atún, mexillón, sardiña, cefalópodos e fariña de pescado) acada unha especial relevancia, mais do 15% do total español, localizándose fundamentalmente nas rías de Arousa e Vigo. Os impactos ambientais desta industria caracterízase polo vertido sen depurar de altas cargas de materia orgánica, sendo as liñas de mexillón e atún as máis contaminantes. En termos comparativos, se consideramos unha poboación urbana na Galicia costeira de 1.4 millóns de habitantes os caudais e as cargas de COD representan sete veces as caracterizadas no vertido de Vigo (ver Táboa 3), isto é uns 153 millóns de m³ e 18.5 millóns de Kg de COD por ano. A industria conserveira verte un caudal aproximadamente quince veces menor pero case cunha cantidade similar de carga orgánica (12.6 millóns de Kg). Na táboa 3 móstrase a efectos comparativos como os vertidos deste tipo de industria representan cantidades moi importantes de carga orgánica ás rías. O total vertido nas rías de Arousa e Vigo equivale a unha carga de materia orgánica similar ós efluentes de poboacións de 700 e 400 mil habitantes respectivamente. En cambio na ría de Pontevedra, donde a implantación da industria conserveira e moito mais cativa, o vertido de ELNOSA/ENCESA equivale en carga orgánica a un vertido dunha poboación de 600 mil habitantes.

(1) Sobre o comportamento dinámico das rías, ver o artigo dos mesmo autores no Cuaderno "A Economía e a Ecoloxía do Meio Mariño", Adegas, outubro de 1994.

TÁBOA 3.- Estudio comparativo dos caudais (m³) e das cargas de materia orgánica (kg de carbono) debido a diferentes tipos de efluíntes.

TIPO DE EFLUÍNTES	Caudal (m ³ /s)	Carga de COD (kg/s)	Volume anual (millóns m ³)	Carga de COD anual (millóns kg)
Efluíntes de VIGO	0.7	0.084	21.8	2.6
ENCE/ELNOSA	0.87	0.25	27	7.7
Industria Conserveira (VIGO)	0.11	0.13	3.5	4.1
Industria Conserveira (AROUSA)	0.16	0.22	5.2	7.1
Industria Conserveira (GALICIA)	0.32	0.40	10	12.5
Vertidos urbanos nas rias galegas (1.4 millóns hab.)	4.85	0.59	153	18.5

EFFECTOS DA CONTAMINACIÓN ORGÁNICA NAS RÍAS

Sobre os fondos mariños

O aumento no contido de COD nas rías leva paralelo unha diminución do osíxeno disolto na auga. Esta diminución non é tan brusca como o incremento dos niveis de COD debido ó lento consumo bacteriano (a degradación da materia orgánica consume o osíxeno disolto) e á dilución da materia orgánica, polo que actualmente o nivel medio de osíxeno disolto na auga supera o nivel do 50% de saturación, indicando que a vida aerobia aínda é posible nelas, en xeral.

Sen embargo, os fondos das rías sí aparecen claramente afectados por este e outros tipos de contaminación. Cada vez son máis as zonas de fangos anóxicos, mais ou menos extensas, ocasionadas pola deposición de materia orgánica, así como polos aportes de arxilas asociados a recheos incontrolados, que impiden a cría e o desenvolvemento da vida animal e vexetal. Na Ría de Vigo, a zona de Guixar ata Bouzas presenta fangos e carencia total de vida aerobia. Tamén na parte interior de Ría de Pontevedra, os aportes de residuos procedentes das industrias (Celulosas, Tafisa) e o vertidos urbáns destragaron grandes zonas de pradeiras de algas convertíndoos en fangales lamacentos e cheirentos nos que é imposible a vida aerobia.

Nas Praias

Outro importante efecto do aporte de materia orgánica sen depurar é a perda de calidade ambiental nas augas próximas ós vertidos contribuíndo ó desenrolo de bacterias e virus patóxenos que dá lugar á falta de salubridade das praias. Na figura 3, pódese observar como a maioría das praias da rías de Vigo próximas a cidade ou ó Río Lagares, teñen altos niveis de coliformes fecais, incumprindo practicamente todas elas os mínimos esixibles para o baño. A evolución temporal durante a década pasada amosa grosamente un aumento no número de coliformes que vai paralela ó incremento da rede de saneamento da cidade.

Os valores máximos permitidos para o baño nas praias na C.E é de 2 000 coliformes por cada 100 ml. Case tódalas praias cercanas a Vigo superaban este nivel desde os anos 1982 a 1986 e as cousas non melloraron ata agora senón todo o contrario, aínda que a falla de publicación dos datos por parte do Concello e da Xunta de Galicia impídenos incluí-los na gráfica. Desde o ano 1987 os informes de praias indican unicamente as aconsellables e desaconsellables para o baño, entre as que figura sistemáticamente Samil (desaconsellable). Aínda así, as autoridades non toman ningunha medida para

que a xente non se bañe nestas praias e éstas están a tope todo o verán. Despois de todo, según eles, "o único que pasa e que collen algunha diarrea, fungos ou conxuntivite, pero aínda non morreu ninguén". Samil cada ano está máis "bonita", invírtense moitos cartos en paseos, atraccións e instalacións deportivas destrozando moita veces lugares de interese ecolóxico, pero a inversión en saneamento que ven reclamando ADEGA desde o ano 1984 parece non interesarlle a ninguén e o Lagares segue convertido nunha cloaca.

OUTROS PROBLEMAS DAS RÍAS

Ademais da contaminación orgánica, urbana ou industrial, as Rías galegas están seriamente afectadas no seu grao de saneamento, e tamén no seu funcionamento, pola sobreexplotación (cultivo do mexillón), polo vertido de sustancias químicas tóxicas ou non biodegradables, e polos frecuentes recheos.


Semicultivo do mexillón

A variabilidade estacional e interanual das rías non permite establecer cal é o número idóneo de bateas, xa que depende das condicións oceanográficas e logo das meteorolóxicas e climáticas dominantes. Esta estratexia de produción marisqueira está practicamente nos marxens máximos de produción polo feito de que os propios bateiros controlan a evolución da produción definindo a densidade de cordas que lles permite obter unha produción rendable en función da evolución natural do propio cultivo. Nesta última década déronse anos de pouca produción primaria dentro das rías, o que levou a produccions baixas de mexillón.

A rede masiva de semicultivo do mexillón, practicamente convertida en monocultivo, modifica totalmente a cadea trófica natural das rías, troca a súa poboación faunística natural e contribúe de forma importante ó incremento de grandes áreas con fondos practicamente anóxicos. Unha batea produce uns 190 kg/día de sedimento en forma de biodepósitos, que no total da Ría de Arousa representan 475 Tm. de biodepósitos aportados por día.

O mexillón de batea convértese no segundo nivel trófico da cadea alimentaria desprazando ó zooplancton e mesmo a outros hervívoros. Aproximadamente un tercio da auga que pasa polas bateas é filtrada polos mexillóns convertíndose estas en puntos de acumulación de enerxía e biomasa cara o sedimento que está debaixo, actuando ó tempo de refuxio dos peixes e finalmente, trocando a natural poboación faunística das rías e diminuíndo fortemente a diversidade biolóxica.

Este monocultivo é en sí mesmo a orixe do incremento da toxicidade das tradicionais mareas vermellas, e lóxicamente, do incremento da parasitose e outras enfermidades patóxenas sufridas polos propios mexillóns. O panorama alcanza peores cotas, cando por mor dunha falta de control do tráfico de especies biolóxicas, na Rías entran novas especies foráneas aportando novos tipos de parasitose e patoxenias.



Evolución dos niveis de coliformes no periodo 1982-1986, en vinte praias da Ría de Vigo, clasificadas en catro grupos segundo o seu grao de fecalización (nótese a diferenza de escala no eixo de ordenadas). Recórdese que as augas non son aptas para o baño por riba do nivel de 2.000/100 mL segundo da lexislación da CEE.

Contaminación xenobiótica

A contaminación por metais pesados e por outros contaminantes non bioloxicamente degradables (xenobiótica) está relacionado coa instalación de grandes ou densas instalacións químicas sen depuración. Este tipo de contaminación alcanza valores moderados nas Rías de Vigo e Coruña, especialmente por cobre e cromo. Ademais na ría de Vigo os niveis de organoclorados alcanzan concentracións considerables nos sedimentos próximos a Vigo e Cangas.

Sen lugar a dúbidas o impacto ambiental máis importante deste tipo procede da empresa ENCE que verte na Ría de Pontevedra cantidades moi importantes de mercurio. Este aspecto foi xa tratado máis especificamente noutras publicacións de ADEGA e recente-

mente no número 10 de CERNA, polo que a pesar da súa enorme importancia, non imos insistir nelo.

Recheos das marxes continentais

Estímase que coa construción de portos, frigoríficos e paseos marítimos, as rías e as súas zonas húmedas próximas perderon uns 50 millóns de metros cadrados en múltiples accións esporádicas e dispersas por toda a tortuosa costa. Esta cantidade equivale caseque a 1/3 da ría de Vigo. Unha cantidade considerable que pasou desapercibida en certo modo pola realización espaciada no tempo e no espazo.

Esta actividade destrou moitas zonas de intermareal e xunqueiras que teñen como función a depuración orgánica das augas de orixe continental, por ser áreas de cría de moitas especies mariñas e terrestres, e zonas onde se desenrola unha importante vida salvaxe de especial interese pola súa escasa ocorrencia natural.

Os recheos destrúen asimesmo importantes áreas mariñas próximas ó seu vertido, xa que potencian a falla de oxixenación dos fondos e diminúen a penetración da luz, reducindo a actividade fotosintética das microalgas mariñas entre 20 ó 30%. Os fondos mariños están gravemente afectados por estes recheos, sendo cada máis e máis grandes as zonas de fangos anóxicos nas nosas Rías.

CONCLUSIÓNS.

As Rías Baixas galegas constitúen un ecosistema de gran riqueza e beleza, características estas que as fan apetecibles por infinidade de intereses, que ocasionan a súa fragilidade. ¿Dende cando levan falando de depurar os residuos?, ¿Cando será un feito real?, ¿Quizas no próximo Xacobeo?..

As favorables condicións morfolóxicas e oceanográficas permitiron ata agora que estes ecosistemas manteñan unha calidade de vida aceptable a pesar das moitas e diferentes agresións que están a padecer: perdas das ricas zonas de praias, modificación da súa estrutura e diversidade biolóxica polo monocultivo do mexillón, aporte de contaminantes non degradables por parte das industrias e tráfico marítimo, degradación e morte de gran parte dos seus fondos por aportes de arxilas e materia orgánica, etc..

Finalmente, criticar que moitos dos controles medio ambientais realizados pola administración non teñen en conta as peculiaridades dinámicas das rías. O sistema de control baséase normalmente en mostraxes esporádicas ou a intervalos de tempo demasiado longos, polo que é difícil rexistrar valores anormais (punta) que poden ter importancia puntual tanto desde o punto de vista sanitario como ecolóxico. ■



Os vigueses pronunciáronse reiteradamente contra o proxecto PETROVIGO pola ameaza que supón de envenenamento do mar por hidrocarburos e outros contaminantes. Hoxe reivindicamos un programa de saneamento integral da ría.

O PLAN DE ORDENAMENTO DOS RECURSOS NATURAIS DAS FRAGAS DO EUME

Rogelio Fernandez Díaz

O establecemento de reximes de protección do territorio e dos recursos naturais ten sufrido desde o seu inicio e até o momento importantes cambios desde o punto de vista conceptual que tiveron a súa orixen e a súa vez se desenrolaron paralelamente ás conxunturas sociais, económicas e culturais das distintas épocas.

Así, desde que Felipe II dicta en maio de 1557 unha real Cédula vedando e acotando a caza e pesca no Real Bosque do Balsain (Segovia) con destino ao recreo e entretenimento da Casa Real, ou que Alfonso XIII sancionara en decembro de 1916 a Lei que institucionalizaba a figura de Parque Nacional, e ao amparo da que se establecían en España os Parques Nacionais de Ordesa e Covadonga, e até os nosos días producíronse importantes cambios no que poderíamos denominar política de Espazos Naturais Protexidos (ENP).

No espazo rural o modelo de desenvolvemento dos anos 60 supuxo unha profunda crise que tivo como resultado a emigración á áreas con maior expectativa. Por suposto o mantemento dunha agricultura rentable é unha das condicións prexias e indispensables na política de desenvolvemento do entorno, sin embargo o modelo tradicional agrario non garante por si solo a presenza humana indispensable nen tampouco unha actividade económica suficientemente diversificada.

Como se deduce, non é posible un desenvolvemento armónico da sociedade moderna na que non se teña en conta de maneira prioritaria o

espazo rural, e non sómente por razóns de tipo económico senón tamén de tipo cultural, patrimonial e, sen dúbida, ambientais.

Por outra parte, esta nova conxuntura ten acelerado de forma notable o proceso de transferencia de tecnoloxía ao medio rural, multiplicándose a capacidade transformadora-destructora do medio, incrementándose a un ritmo crecente as necesidades en materia de recursos naturais, tanto renovables como non renovables, ao mesmo tempo que se incrementa a dependencia de factores de mercado. Neste proceso indudablemente incorporáronse en moitos casos elementos de grande valor cultural ou patrimonial; sin embargo, accións insuficientemente meditadas ou actividades que teñen a súa orixen na mera necesidade de recursos, ou na corrección de problemas estruturais, insuficientemente avaliadas, obteñen como resultado perdas irreparables de recursos naturais e da capacidade produtiva dos territorios.

O PORN PARA AS FRAGAS DO EUME

A área afectada polo Plan de Ordenamento dos Recursos Naturais das Fragas do Eume, correspondentes aos municipios coruñeses de Pontedeume, Cabanas, Capela, Monfero e As Pontes, e ao lugués de Xermade son con toda seguridade un exemplo da realidade precedente, que ten o seu aval máis significativo na perda de poboación dun 45% desde 1960.

Na superficie afectada polo

PORN encontramos nosa cunha poboación aproximada de 3000 habitantes en 174 núcleos, cifra que ascende ao total de 5000 habitantes no conxunto das parroquias afectadas total ou parcialmente polo Plan. Nesta zona, a busca de alternativas económicas que sustenten a actividade rural teñen ocasionado unha importante incidencia ambiental no que poderíamos denominar o maior e máis importante bosque atlántico termófilo costeiro de Europa.

O PORN é un documento técnico de traballo que establece unha situación de óptimos, e que serve exclusivamente de base para unha saída necesariamente negociada

As Fragas do Eume, nome co que se coñecen as formacións de bosque atlántico que se sitúan na conca do río Eume e os seus afluentes apareceron sistematicamente en todos os catálogos de espazos naturais a protexer, como consecuencia da súa representatividade, singularidade, elevado número de valores naturais que alberga e estado de conservación. Indicar así mesmo que, no contexto internacional que supón a protección da natureza na actualidade, a Directi-

* Rogelio Fernández Díaz é responsable da Sección de Conservación de Ecosistemas do Servizo de Medio Ambiente Natural de A Coruña.

va Habitat do Consello da Unión Europea, cuxo obxecto é o de contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación de hábitats naturais, designa os robledos galaico-portugueses como zonas de interés comunitario e de conservación especial.

Parece lóxico pensar que fronte aos modelos tradicionais de ENP, que postulan a protección de áreas singularizadas, ben conservadas e pouco ou nada transformadas, onde a conservación dos recursos naturais é un obxectivo en si mesmo, se dé paso a modelos de

refere. Sinalar asimesmo que a rede MBA comprende hoxe 300 Reservas da Biosfera repartidas en 75 países e cubren 164 millóns de Has.

OS OBXECTIVOS BASICOS DO PORN.

O modelo territorial que propugna o PORN das Fragas do Eume ten a súa inspiracións mais relevante nos métodos de xestión das reservas da Biosfera, fixándose tres obxectivos básicos para a área:

CONSERVACIÓN. Esta noción aplicase a todo o territorio do ENP contemplando distintas estratexias para as zonas que a integran, garantizando a protección de especies e hábitats nas áreas constituídas por ecosistemas representativos. Ao mesmo tempo establece como obxectivo a conservación das paisaxes humanizadas e das prácticas

que as manteñen.

Por outra parte, prevese a realización de plans sectoriais que optimicen o rendimento dos recursos existentes, así como a recuperación da potencialidade das terras.

APOIO LOXISTICO. Pola súa condición de espazo físico realízanse previsións en materia científica, divulgativa e de xestión experimental.

DESENROLO. Promoción da diversificación da actividade económica mediante a posta en valor dos recursos endóxenos, optimización de servizos, instalacións, equipamentos e infraestructuras, for-

mación e intercambio de experiencias, fomento das iniciativas en materia de transformación e acceso a mercados, así como fomento de actividades ligadas á eliminación e reciclaxe de residuos, protección e rehabilitación de recursos naturais e aproveitamento de transferencia de renda, turismo rural, etc.

Pretendese ademais que a implantación deste espazo natural teña un valor demostrativo, constituindo ante todo un medio para ensinar a conservar a natureza en toda a súa extensión.

En efecto, o PORN das Fragas do Eume é un instrumento técnico que trata de establecer para ese territorio un modelo de desenvolvemento que garante por unha parte, a conservación dos valores da área e por outra, satisfacer as demandas de bens e servizos que os habitantes reclaman do seu entorno. En realidade tratase dun plan de DESENROLO SUSTENTABLE para a área.

A implantación deste modelo supón un importante reaxuste en todos os aspectos económicos, sociais e culturais da área, e a súa viabilidade depende en maior medida da aceptación por parte dos habitantes.

Nas claves do proceso de aceptación do PORN cabe destacar dous aspectos fundamentais, por unha parte a información xoga un papel primordial xa que os habitantes deben coñecer con exactitude o alcance do Plan e como repercutirá realmente nos seus intereses, por outra o PORN é un documento técnico de traballo que establece unha situación de óptimos, e que serve exclusivamente de base para unha saída necesariamente negociada con todos os intereses sociais da zona.

Por último, sinalar que a implantación deste Espazo Natural ha de facerse necesariamente sen custe engadido para os seus habitantes, debendo establecerse como obxectivo a integración económica con mantemento ou incremento do emprego, renda e valor engadido de orixen. ❖

Superficie total, usos actuais e zonificación no proxecto de Parque Natural.	
Superficie Total:	19.118 Has.
USOS ACTUAIS:	
- Fragas:	3.345 Has.
- Repovoacións:	3.207 Has.
- Fragas mescladas:	1.672 Has.
- Pastos e matorral:	6.626 Has.
- Cultivos:	3.859 Has.
Masas de auga	407 Has.
SUPERFICIE POR ZONAS	
- Uso Restringido:	376 Has.
- Uso Regulado:	71.773 Has.
- Zona de Transición:	4.439 Has.
- Uso Orientado:	6.183 Has.

protección mais acordes co conxunto do territorio e os seus habitantes.

Este enfoque ten a súa orixen con toda probabilidade na figura de RESERVA DA BIOSFERA, que aparece en 1971 co programa MAB (Man and Biosphere) lanzado pola UNESCO co obxecto de estudar o impacto das actividades humanas no medio natural. A xestión das Reservas da Biosfera diferénciase notablemente das fórmulas tradicionais de xestión de ENP, no sentido que outorga maior importancia a un enfoque global e integrado dos problemas do medio ambiente, que trata de conciliar a conservación dos hábitats e o desenvolvemento económico dos territorios aos que se

PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME: VIRTUDES E DEFECTOS DO PROXECTO

Carlos Vales

REFLEXIONS NECESARIAS

Existen países ou, máis exactamente, áreas xeográficas do planeta que se caracterizan polo antigo e o intenso da presenza humana, de maneira que o meio natural está en grande medida modelado por esa presenza; un bó exemplo constitúe toda a vacia mediterránea e, en xeral, toda a Europa do sul. Galiza é, ao respecto, un exemplo paradigmático.

O PORN non debe ser criticado pola súa suposta excesiva extensión, senon por carecer dun proxecto económico unido ao de conservación.

Nestas áreas é practicamente imposible definir un espácio protexido que careza de poboación humana, a non ser que partamos dunha concepción das áreas protexidas como algo museístico e residual, e que ignoremos o seu entorno. Pero non nos enganemos, nen pretendemos enganar a ninguén: áreas protexidas desta caste non son viables nen sequer a médio prazo, por razóns que a bioloxía da conservación e a ecoloxía da paisaxe veñen explicando desde hai tempo. Factores como tamaño e relación co entorno, entre outros, son claves na dinámica ecolóxica de calqueira área natural e na súa viabilidade futura.

Adicionalmente, débese ter en conta que, en moitos casos, as áreas de gran valor natural que compre protexer contra a degradación non son virtúes, no sentido de que non son produtos tan só de fenómenos naturais, senón que son o resultado de interrela-

cións históricas entre o ser humano e a natureza. Volvendo ao exemplo da área mediterránea, atopámonos con que esta, a pesar dos miles de anos de presenza humana, a pesar da súa profunda transformación antropoxénica, mantén un dos maiores niveis de biodiversidade de todo o planeta, biodiversidade que en boa medida reside nos ecosistemas "humanizados". Non ten sentido, por tanto, eliminar aos seres humanos dos ecosistemas que eles axudaron a modelar e que agora queremos conservar.

Por outra banda, a concepción da conservación da natureza como algo reñido coas actividades humanas, concepción que xenerou no pasado non poucos problemas de xestión, foi substituída por unha concepción de conservación na que do que se trata é de compatibilizar conservación e uso: manter a biodiversidade e o equilibrio das paisaxes e, ao mesmo tempo, obter das mesmas os máximos beneficios para as poboacións locais e para o conxunto de sociedade. Iso non quer dicir que non deben de existir áreas estrictamente protexidas. Pero estas deben de convivir con outras onde a protección só é relativa -para manter usos-, e incluso con outras onde o obxectivo prioritario sexa o desenvolvemento socioeconómico, concebido como desenvolvemento sostido e compatible coa conservación. Esas distintas prioridades territoriais débense resolver na práctica a través da zonificación.

O PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME

Problemas e actitudes xenerados polo proxecto de creación do Parque Natural das Fragas do Eume deben de ser analisados á luz do marco conceptual anterior. Así, non é inicialmente

negativo que a superficie do Parque incluía zonas habitadas, senón todo o contrario. O que acontece é que esas zonas habitadas, e por suposto tamén as de vocación prioritariamente productiva, deben ser concebidas como áreas de desenvolvemento económico, e deben ser "mimadas," no sentido de que a partir delas é que podemos aspirar a concebir modelos de desenvolvemento non agresivos para a conservación do medio ambiente global. Isto quer dicir que un Plan de Conservación ten que ser tamén un Plan de Desenvolvemento e que no mesmo, xunto coas medidas proteccionistas, deben figurar propostas de desenvolvemento socio-económico.

O PORN é excesivamente normativista. Mellor sería optar pola vía dos incentivos: a xente non plantará eucaliptos porque llo proiban senón porque, se planta carballos, recibirá unhas axudas que lle compensen.

O Plan de Ordenación de recursos naturais (PORN) das Fragas do Eume non debe por tanto ser criticado pola súa suposta excesiva extensión, senon por carecer dun proxecto económico unido ao de conservación. Pero esta carencia non invalida ao PORN no seu conxunto, senon que o converte nun documento "coxo", ao que compre engadir-lle esa "pata".

Hai outro aspecto do PORN que non compartimos: é excesivamente normativista, obsesivo nas restricións que, por certo, non son tan limitativas

O POSICIONAMENTO DE ADEGA ANTE O PORN DAS FRAGAS DO EUME

Manuel Soto Castiñeira *

O PORN constitue a primeira xanela que abre o camiño á declaración das Fragas do Eume como Parque Natural. É tarefa de todos contribuir á súa mellora.



Desde a súa creación hai agora 20 anos, Adega ven reivindicando unha actuación máis decidida da Administración para a conservación do medio natural, nomeadamente daqueles espazos de maior riqueza ecolóxica, entre os que temos incluído as Fragas do Eume. Adega organizou en xullo de 1992 unhas XORNADAS INTERNACIONAIS centradas na conservación dos bosques atlánticos, e nas que especialistas europeos en conservación se solicitou a declaración das Fragas do Eume como Reserva da Biosfera, ao constituir pola súa extensión e grao de conservación o enclave de maior importancia de toda Europa de bosque atlántico caducifólio. Porén, a responsabilidade de elaborar o PORN é da Xunta, e así o fixo sen que Adega nen membro algún da súa Dirección teña participado na redacción do mesmo. A valoración que Adega fai da presentación do PORN é positiva, xa que significa un avance na consecución das demandas do ecoloxis-

mo, pero non o é tanto a valoración do seu contido. Aínda sendo tecnicamente viábel en canto aos obxectivos de conservación, carece do imprescindible plan de compensación, inversións e promoción económica. Por elo, a viabilidade social do plan pode ver-se fortemente hipotecada.

As primeiras eivas achamo-las xa no procedemento de elaboración, consensuación e información pública do PORN. A Lei 4/89, no seu Art. 6, di: "O procedemento de elaboración dos Plans incluírá necesariamente trámites de audiéncia aos interesados, información pública e consulta dos intereses sociais e institucionais afectados e das asociacións que persigan o logro dos principios do artículo 2 da presente Lei". Dentro de tais asociacións entra claramente ADEGA, inscrita oficialmente no rexistro de Entidades Protectoras do Medio Ambiente, e destacada nas reivindicacións de conservación para a Fraga do Eume, pero que en ningún momento da elaboración do PORN foi consultada, e mesmo despois de somete-lo a informa-

ción pública e solicitar ADEGA unha entrevista cos responsábeis políticos do Plan, aínda no momento de redactar estas liñas non temos recibido resposta algunha. Os propietarios e poboación afectada afirman igualmente non ter sido consultados en ningún momento.

Adega considera o PORN tecnicamente viábel, pero non por elo exento de deficiéncias. En relación coa descripción do medio socioeconómico, debe subsanarse a falla de información, de forma que permita unha mellor avaliación da incidencia social e económica das medidas de conservación previstas. Concretamente, a información recollida nos capítulos de Inventario de Recursos Produtivos e de Inventario de Recursos Humanos. Os recursos produtivos e humanos deberían aparecer avaliados individualmente para os territorios obxecto de cada unha das figuras de protección, pois as limitacións e a súa incidencia sobre os mesmos deben ser claramente diferentes no caso do territorio destinado a uso restrinxido, uso regulado, de transición ou orientado.

* Manuel Soto Castiñeira é Secretario Xeral de Adega.

Para tales territorios, deben-se avaliar todos os recursos produtivos, e especialmente os agrogandeiros. Chama a atención que se den datos da produción láctea no concello de Pontedeume, maiormente urbano e con escaso territorio destinado a gandería, e non se den noutros concellos que viven principalmente desta actividade.

O PORN E A LEI 4/89 DE CONSERVACION DE ESPAZOS NATURAIS

A principal caréncia do PORN, aínda que subsanável se existe vontade por parte da Xunta, é a ausencia de medidas de compensación e a falla dun plan de inversións na zona.

A Lei 4/89, de 27 de marzo de Conservación dos Espazos Naturais de da Flora e Fauna Silvestres indica como obxectivos da política de conservación de espazos naturais, entre outros (Art. 2.1): a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais... b) A preservación da diversidade xenética, da paisaxe, etc; e establece que tais obxectivos se deben conseguir mediante limitacións aos usos actuais ou potenciais e promoción de determinadas actividades (Art. 4.3.), e que no marco de tais medidas (Art. 2.2.) "As administracións competentes garantirán que a xestión dos recursos naturais se produza cos maiores beneficios para as xeneracións actuais, sen merma da súa potencialidade para satisfacer as necesidades e aspiracións das xeneracións futuras"

Entre os contidos do PORN figura (Art. 4.3.e): "Formular os criterios orientadores das políticas sectoriais e ordenadoras das actividades económicas e sociais, públicas e privadas, para que sexan compatíbeis coas exixencias sinaladas". No mesmo sentido, e referindo-se xá ás normas reguladoras (PORN) dos espazos naturais protexidos, concepto no que entra a figura de "Parque Natural" proposta para as Fragas do Eume, o Art.11 di: "...determinarán os instrumentos xurídicos, financeiros e materiais que se consideren precisos para cumprir eficazmente os fins perseguidos coa súa declaración", e no Art. 18.2: "Co fin de contribuir ao mantemento dos espazos



A eucaliptización progresiva é só un dos numerosos factores de degradación que amiazan hoxe ás Fragas do Eume.

naturais protexidos e compensar socioeconómicamente ás poboacións afectadas nas súas disposicións reguladoras poderán establecer-se Areas de Influencia Socioeconómica, con especificación do rexime económico e compensación adecuada ao tipo de limitacións".

De todo elo resulta ben claro que é de Lei, e tamén xusto, que a poboación afectada nas súas propiedades e, sobre todo no seu meio de vida, receban unha compensación económica en función das limitacións de usos a que se vexan afectados. Neste sentido, a Lei é aínda máis explícita (Artigo 3): "As actividades encamiñadas ao logro das finalidades contempladas nesta Lei poderán ser declaradas de utilidade pública ou interese social, a todos os efectos e en particular aos expropiatórios, respecto de bens e dereitos que podan resultar afectados". Tal declaración vai parella a declaración dun espazo como Parque Natural.

Consideramos por tanto que está xustifico, e serve máis adecuadamente aos fins de conservación, que o PORN contemple un programa de adquisición de terras por parte da administración, particularmente das zonas a declarar como de uso restrinxido e uso regulado. Isto permitiría sen dúbida alcanzar nun grao maior os obxectivos de protección, ao mesmo tempo que supón unha recompensación xusta para os propietarios. Tal medida redundaría ademais nun incremento da superficie forestal de titularidade pública, que na Galiza ten as cotas máis baixas de Europa.

O PORN E O PLAN FORESTAL DE GALIZA.

En relación cos espazos naturais a protexer, o Plan Forestal de Galiza aprobado en Xullo do 92 establece (ver o Documento de Síntese):

- "A poboación vinculada aos espazos sensíbeis debe obter dos mesmos as súas principais fontes de riqueza".

- "O punto de partida é a elaboración de plans de ordenamento específicos (é dicir PORNs), que necesariamente han de ser consensuados coas poboacións implicadas". Para elo, ademais doutros aspectos..., "os servizos forestais deben analizar as condicións socio-económicas e as demandas das poboacións".

- "Outro dos instrumentos é a constitución dun patrimonio forestal da Comunidade Autónoma mediante a compra paulatina e sistemática dos espazos máis fráxiles".

Sen dúbida, estes principios de planificación non aparecen para nada recollidos no PORN elaborado para as Fragas do Eume, que carece de todo tipo de previsión de inversións. No mesmo Plan Forestal contempla-se unha inversión en Espazos naturais a protexer (espacios sensíbeis) de 12.409 millóns de ptas no período 1992-2002, indicando que tais fondos serán aportados ao 100% pola Administración.

En referencia ao quinquenio 93-97, o Plan Forestal di "habilitará-se un fondo

PROPOSTAS DE ADEGA PARA A MELLORA DO PORN

1. Completación do estudo de recursos produtivos e humanos afectados polo PORN, inventariando todos os recursos produtivos existentes hoxe en cada unha das zonas de uso Restringido, Regulado, de Transición e uso Orientado, e cuantificando-os por separado.
2. Relaxación das medidas ou limitacións normativistas que afectan ás zonas de transición e uso orientado modificando, especialmente nestas zonas o enfoque normativista polo enfoque incentivador e orientador, en base a propostas económicas de compensación e orientación.
3. Medidas mais estrictas nas zonas de uso restrinxido e regulado, proibindo explicitamente as actividades cinxéticas en tais zonas. Plan de inversións para a adquisición dos terreos correspondentes a estas zonas, mediante a declaración de utilidade pública, co obxectivo de que sexan de titularidade pública nun horizonte de 10 anos.
4. Elaboración e inclusión no PORN dun Plan de inversións e incentivación económica da zona, con definición da Area de Influencia Socioeconómica, cantidades a invertir e distribución por conceptos, fontes de financiamento, e incidencia sobre o emprego

público para a formación dun patrimonio forestal autónomo a fin de garantir a conservación dos ecosistemas mais fráxiles", e no desglose das inversións estima para este período unha inversión, solo en adquisición de terreos, de 1000 millóns de ptas. Sen embargo, responsábeis da Consellería teñen declarado publicamente que non se contempla a posibilidade da adquisición de terreos pola Administración no caso das Fragas do Eume.

No seu momento, Adegas valorou negativamente o Plan Forestal polo modelo de monte que establecía para a maior parte do territorio, consagrando a eucaliptización e os intereses das celulósas. Hoxe semella-nos confirmar que mesmo naqueles escasos aspectos positivos desde o eido ambiental, o Plan Forestal da Xunta é Papel mollado.

A REGULACION DE USOS NAS DIFERENTES ZONAS

En canto aos contidos reguladores de usos, apenas se establecen diferenzas entre as zonas de uso regulado, de transición ou orientado. Neste sentido Adegas fixo as seguintes alegacións:

- Deven-se establecer medidas mais

estrictas nas zonas de uso restrinxido e de uso regulado, principalmente as actuais zonas de fragas, e prohibir explicitamente as actividades cinxéticas. Unicamente se actuaría sobre a fauna e flora selvaxe por razóns de corrección e mantemento dos equilíbrios ecolóxicos.

- En consideración da maior importancia económica e produtiva das zonas de uso orientado e transición, as limitacións normativistas deben ser suavizadas, implementando no seu lugar meca-



O turismo, ben regulado, promocionado e dirixido, constitúe un elemento de promoción económica da zona. O PORN debería avaliar o potencial dos diferentes factores de desenvolvemento endóxeno e as inversións necesarias para o seu potenciamento.

(Ven da pax. 16)

como se lle pretendeu facer ver á opinión pública polos opositores ao Parque. Pero esa preocupación restrictiva é pouco coherente, sobre todo cando non contempla compensacións!. Coidamos que moito mellor que optar pola vía das prohibicións para conseguir os obxectivos é mellor optar pola vía dos incentivos (a xente non plantará eucaliptos porque llo proiban senón porque, se planta carballedos, recibirá unhas axudas que lle compensen...).

A oposición frontal ao PORN das Fragas do Eume non é aceptábel. Non o é porque o documento actual vale como documento de discusión, resultará perfectamente válido cando se eliminan normativas excesivas, cando se contemplan compensacións e cando se lle engada un plan de desenvolvemento económico que inclúa unha coordinación das actuacións das diferentes administracións implicadas na zona e axudas obxectivadas.


Tampouco é aceptábel tal oposición frontal porque é un salto no valeiro, por-

nismos de incentivación económica co obxectivo de conseguir via orientación os mesmos resultados de conservación.

En resúmen, apesar das deficiencias, Adegas considera positiva a presentación do PORN pola Xunta de Galiza. Porén, a ausencia de medidas compensatorias e a falla dun programa de inversións na zona parece indicar a inexistencia dunha vontade real de conseguir unha protección viábel e compatíbel cos dereitos da poboación afectada. Pero a declaración de Parque Natural non só interesa á conservación, senón tamén ao progreso económico e socio-cultural da comarca. Por todo elo, Adegas presentou unha serie de propostas para a mellora do PORN. A polémica actual e o rexeitamento polos veciños do actual PORN non debe servir para desbotar a declaración como Parque Natural, senón para convertirla nun verdadeiro programa de desenvolvemento sustentábel para a zona. ■

que é tirar pedras no propio tellado dos afectados. Se se conseguira retirar o PORN, ¿quén había de presentar outro, quén asumiría tal custe político?. Nese caso, o futuro das Fragas estaría cantado...

Flaco favor sería aos habitantes da zona, porque o Parque Natural é en si mesmo -obxectivamente- un instrumento de desenvolvemento: porque permitirá atraer recursos económicos á zona, e porque supón a posibilidade de conservar un recurso natural e cultural -as fragas- cuxa importancia futura é inimaxinable. ■




Ponte sobre o tren na Vila da Igrexia.



Auditorio de Cerceda en construción.



Restauración do Muiño e área recreativa en Queixas.



CONCELLO DE OLEIROS

A NOSA SINGULARIDADE FINO POSIBLE QUE O CASTELO DE SANTA CRUZ, ADQUIRIDO MEDIANTE UN CONVENIO URBANÍSTICO, ACOLLA A SEDE DO CENTRO DE INFORMACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA


MEIO SECULO DE

FMI, BM e GATT

A política do Fundo Monetário Internacional, o Banco Mundial e o GATT tem agravado a desigualdade entre o centro e a periferia e potenciado a destruição meioambiental no mundo.

DOSSIER

50 ANOS' ABONDAN



DECLARACION DE MADRID DO FORO ALTERNATIVO "AS OUTRAS VOCES DO PLANETA":

POR UNHA CONVIVENCIA IGUALITARIA E AUTONOMA EN PAZ CO PLANETA.

50 ANOS DE BM-FMI ABONDAN

O Banco Mundial é, de seu, o maior prestamista do mundo (23.700 millóns de dólares en 1993). Pero a súa importancia non fica aí porque a simple manifestación do seu aval ou rexeitamento a un proxecto económico decide adoito a concesión ou negativa doutras entidades internacionais que ven en tal apoio a garantía de devolución do crédito. Con estas posibilidades financeiras e un equipo de mais de 7.000 economistas e enxeñeiros o Banco puido ter xogado no seu medio século de existencia un importante papel na mellora das condicións de vida do noso planeta e dos seus habitantes. Na práctica, o seu efecto foi o contrario: contribuiu ao empobrecemento dos que xa eran pobres e favoreceu a degradación ambiental.

Por iso no seu 50 aniversario celebrado en Madrid nos primeiros días de outubro, mais de 1.500 persoas, representantes de diversas organizacións non governamentais dos 5 continentes ou simplemente persoas interesadas nos problemas do Terceiro Mundo e do Medio Ambiente reuniron-se ao seu carón para lle desexar un infeliz cabodano, e firmar un manifesto no que se pide a súa disolución.

CERNA ofrece neste dossier a declaración completa (Traducida ao galego por M. Amor) deste FORO ALTERNATIVO, así como unhamán de pequenos comentarios autoría de Joam Carmona que amplian algunhas das referencias que se conteñen no manifesto.

LIMIAR

Os homes e mulleres de todo o mundo que aquí viñemos para defender unha convivencia igualitaria, autónoma e en paz co planeta queremos facer pública a nosa convición de que é preciso construír unha nova linguaxe e unha realidade diferentes. Porque xa sabemos algunhas palabras: sabemos que, ao chamarmos a este foro "As outras voces do planeta", estamos a afirmar que milleiros de homes e mulleres que viven nesta terra decidiron tomar a palabra, sabemos que cando nos referimos aos homes e mulleres do mundo facemos presente a esixencia dun sistema de liberdade desde o que os dous xéneros podan coñecer-se, sabemos que cada vez que dicimos autosuficiencia, equidade ou comunidade autocentrada estamos defendendo a posibilidade de vivir, de sermos

xustos e estar en paz; e cada vez que sinalamos o dereito á diversidade cultural estamos a proclamar a nosa confianza na sabedoría de todos os homes e mulleres que escolleron observar, escoitar e preguntaren-se, movidos polo respecto á terra que os/as rodea. Desde aquí declaramos a nosa vontade para que esa sabedoría non se estrague, senón que sexa, pola contra, o alicerce de calquer actuación. Hai un mundo que está por vir, un mundo que se pronuncia con outras palabras e non estamos dispostos a delegar en ninguén a responsabilidade de pensá-las. É por iso polo que falamos neste foro alternativo, e hoxe temos algunhas proposicións que facer. Por iso imos desentrañar o vello discurso da explotación e da cobiza e imos combaté-lo. ■

50 ANOS DE BRETTON WOODS: DO AXUSTE ESTRUTURAL AO XENOCIDIO ECONOMICO

1. A responsabilidade das políticas do Banco Mundial e do Fondo Monetario Internacional na pobreza global, a destrución e a guerra

Hai poucas razóns para se alegrar de que a comunidade internacional conmemorase o 50 aniversario do Acordo de Bretton Woods, que conduciu á fundación do Fondo monetario internacional (FMI), do Banco Mundial e do Gatt. Os programas de axuste estrutural impostos polas institucións de Bretton Woods provocaron non só fame, senón un brutal empobrecemento do mundo en desenvolvemento, así como contribuíron á "terceiromundización" dos países do antigo bloque do Leste.

Contrariamente ao espírito do Acordo de Bretton Woods, que avogaba pola reconstrución económica e a estabilidade das principais taxas de cambio, os programas de Axuste Estructural contribuíron en larga medida á desestabilización das economías nacionais, á ruína do medio ambiente e á destrución da sociedade civil. Neste contexto, as institucións de Bretton Woods son responsábeis tamén da distor-

sión das fondas raíces da crise económica, así como da falsificación dos índices sociais e económicos.

Ainda que o mandado do Banco Mundial consistía en combater a pobreza, a súa

actuación contribuíu ao desmantelamento dos programas de saúde e de educación. O seu apoio a programas hidroeléctricos e agroindustriais a grande escala acelerou os procesos de deforestación e destrución do medio ambiente

¿Qué foi Bretton Woods?

No derradeiros días do mes de xuño de 1944 xuntaron-se en Bretton Woods, unha vila do estado norteamericano de New Hampshire, responsábeis de economía de 44 países. A reunión tiña dous obxectivos. O primeiro deles era o de debater as estratexias de reconstrución dos países máis afectados pola Segunda Guerra Mundial que acababa de terminar; o segundo, o de estudar cómo organizar un sistema de trocos internacionais estables que criara confianza e facilitara o crecemento do comercio.

Para este segundo obxectivo estableceu-se un sistema que consistía en fixar un valor para o dólar a respecto do ouro, e dar-lle ás moedas dos demais países un valor a respecto deste último. O dólar pasaba a ser a cerna do sistema monetario internacional e a institución que se inauguraba para supervisar o funcionamento deste sistema pasou a se alcumar FONDO MONETARIO INTERNACIONAL

Para o primeiro obxectivo, que na acta fundacional se definía como "axudar a la reconstrucción e desenvolvemento dos países membros facilitando o investimento de capital para obxectivos productivos" así como para "promover o crecemento equilibrado do comercio internacional" criaba-se un banco: o BANCO MUNDIAL.

Un exemplo concreto: o axuste estrutural na agricultura da India

Nos anos 60, o goberno hindú, inspirado polos organismos internacionais como o Banco Mundial, fomentou o uso de fertilizantes químicos nunha campaña que se alcumou como a "Revolución Verde". Estes fertilizantes eran subvencionados ou mesmo regalados por aqueles organismos. Aínda que o Banco Mundial e U.S. AID presionaron á India para que animara ás empresas químicas occidentais a establecer fábricas de fertilizantes na India, máis do 40% da demanda destes criada pola Revolución Verde continuou a ser importada.

O Banco Mundial forneceu o crédito para a introdución deste modelo agrícola intensivo en capital, que esixiu uns pagos externos para atender ás importacións de sementes e fertilizantes así como subvencións e créditos durante o período 1966-71 que foron máis de seis veces superiores ao total de gastos que o estado adicara a agricultura durante o quinquenio anterior. O resultado foi que se disparou a dívida externa provocando a crise na balanza de pagos. Este problema, que fora provocado pola política de Banco Mundial, foi usado nos anos posteriores por este -aínda nos primeiros anos 90- como a xustificación para esixir un programa de axuste estrutural, que supuxo a retirada das subvencións que foran introducidas polo seu propio consello.

Un dos casos onde o efecto do axuste estrutural foi máis perverso foi o do trigo. O programa de axuste estrutural forzou á eliminación das subvencións destinadas á alimentos baratos para a súa distribución pública aos máis pobres ao tempo que forzaba igualmente a liberalización das importacións de alimentos. O resultado foi que sen tal subvención e cos fertilizantes máis caros (xa que tamén por prescripción do Banco se retiraron as subvencións aos fertilizantes) na India comezou a abandonar-se o cultivo de trigo e houvo que comezar a importar trigo norteamericano (que si está subvencionado en orixe, porque as receitas do Banco a eles non se lles aplican). Curiosamente, e a pesar de todo, este cereal importado chegaba á India a un prezo superior ao que se lles pagaba anteriormente aos campesiños hindúes. En resumo, a agricultura tradicional ficou desarticulada, a da "revolución verde" tamén, a fame medrou, a contaminación aumentou e nen siquera a Balanza de Pagos foi a mellor. Eis o axuste estrutural.

natural e conduciu ao desprazamento e expulsión forzosa de varios millóns de persoas. No Sur e no Leste a centos de millóns de nenos desnutridos nega-se-lles o dereito fundamental á educación primaria. En diversas rexións do mundo a brutal redución dos gastos sociais, combinada co colapso do poder adquisitivo, conduciu á reaparición de doenzas infecciosas, entre elas a tuberculose, a cólera e a malária.

O recente brote epidémico de peste bubónica e pneumónica na India é consecuencia directa do deterioro da infraestrutura sanitaria e de saúde pública que acompañou a redución dos orzamentos nacionais co programa de Axuste Estructural de 1991, respaldado polo FMI e o Banco Mundial.

A liberalización imposta polos acordos crediticios co Banco Mundial foi dirixida á destrución da agricultura e da industria manufactora. Na África subsahariana teñen-se dado crises de fame, consecuencia da desintegración do conxunto do sistema agrícola: os ingresos por colleitas comerciais destinadas á exportación caíron por baixo dos custos de produción dos labregos como resultado das devaluacións periódicas e da caída en picado dos prezos mundiais das materias primas. Ao tempo, a produción de alimentos para o mercado interior resultou destruída, produto isto último do "dumping" dos excedentes alimentarios subvencionados pola Unión Europea e por Norteamérica.

A destrución de todas as formas de sustento económico

(baseadas tanto nos mercados internos como nos externos) combinada co desmantelamento dos servizos públicos e a conxelación da inversión pública -de acordo co Programa de Investimento Público do Banco Mundial- criou as condicións favorábeis para a aparición de distúrbios civís, conflitos étnicos e ilegalización da actividade económica.

En Ruanda, o deterioro do entorno económico que seguiu á caída do mercado internacional do café entre 1987 e 1989, e a imposición de reformas macroeconómicas devastadoras por parte das institucións de Bretton Woods serviu para exacerbar as tensións étnicas latentes e para acelerar o proceso de desintegración política. No caso de Somalia o programa do Banco Mundial e o FMI ia dirixido a eliminar a economía de explotación gandeira, á vez que contribuía á destrución do pequeno campesiñado debido á afluencia ao mercado local dos excedentes de cereal norteamericano.

En toda a extensión de Asia e América Latina a partir da "revolución verde" os programas do Banco Mundial contribuíron á destrución da biodiversidade e á usurpación dos dereitos dos labregos. Os recentes intentos do Banco Mundial para se apoderar de todas as coleccións de sementes depositadas nos ban-

Ainda que o mandado do Banco Mundial consistía en combater a pobreza, a súa actuación contribuiu ao desmantelamento dos programas de saúde e de educación. O recente brote epidémico de peste bubónica e pneumónica na India é consecuencia directa do deterioro da infraestrutura sanitaria e de saúde pública.

cos xenéticos internacionais deteriora mais aínda os dereitos dos labregos. É por isto polo que os acordos do GATT recén firmados en Marrakech violan aínda mais os dereitos fundamentais dos pobos, particularmente no terreo da biodiversidade e dos dereitos á propiedade intelectual.

¿Quién manda no Banco Mundial?

Os votos que cada país ten nos organismos de decisión do Banco dependen do capital aportado ao mesmo. Os sete países mais industrializados teñen actualmente o 45% dos votos (só Estados Unidos o 17%), mentres que os outros 171 países membros se reparten o 55% restante. Mesmo aínda que estes 171 países quixeran mudar algunha cláusula dos estatutos do Banco non poderían, xa que para elo compre contar con unha maioría cualificada, polo que abundaría con que USA e outros dous países industrializados se opuxeran para bloqueá-la reforma. Na práctica, o denominado "Grupo dos 7" reune-se antes das asembleas anuais do Banco e toma por anticipado as decisións importantes sobre a política do Banco Mundial e do Fondo Monetario Internacional

Vários dos apartados do programa de Axuste Estrutural foron incorporados con carácter permanente no articulado da nova Organización Mundial do Comércio (OMC). O

mandado da OMC consiste en regulamentar o comercio mundial en beneficio dos bancos internacionais e das corporacións transnacionais, así como en supervisar (en estreita colaboración co FMI e co Banco Mundial) a aplicación das políticas comerciais nacionais. Nos países desenvolvidos do Norte os gobernos nacionais están a aplicar políticas económicas igualmente opresivas desde a perspectiva social: as consecuencias son o desemprego, os salários baixos e a marxinalización de extensos sectores da sociedade. Os gastos sociais están a sofrer recortes e elimínanse moitas das conquistas do Estado de Benestar. As políticas estatais estimulan asimismo a destrución de pequenas e medianas empresas.

No Sur, no Leste e no Norte, unha minoría social privilexiada amorea grandes cantidades de riqueza á custa dunha grande maioría da sociedade. Esta nova orde financeira internacional alimenta a pobreza humana e a destrución do Medio Ambiente, fomenta a segregación social, promove o racismo e os conflitos étnicos, socava os dereitos das mulleres e amiúdo precipita os

países en devastadores enfrontamentos entre as súas nacionalidades.

Os grupos de cidadáns e de organizacións non governa-

mentais que promoven a Declaración de Madrid denúncian vigorosamente as políticas de xenocidio económico levadas á práctica polo FMI e o Banco Mundial. As organizacións participantes no Foro "As outras voces do planeta" reafirman o dereito das persoas ao seu sustento, á soberanía económica nacional, a un desenvolvemento sostido e democrático e á xustiza social.

O Foro de Madrid denuncia este modelo económico destrutivo e esixe a cancelación da débeda. Pede tamén que se poña fin ás interferencias das institucións de Bretton Woods nos asuntos inter-

nos dos países soberanos. O Foro de Madrid chama tamén aos parlamentos nacionais e ás organizacións populares de todo o mundo a se opoñeren á ratificación dos acordos do GATT e á prevista creación da Organización Mundial do Comercio.

2. Pola autonomía e liberdade das mulleres.

O concepto de progreso económico e mesmo a visión occidental de "economía" hoxe dominante en todo o mundo basea-se nunha hierarquización dos procesos de produción e reprodución. Esta visión

A posibilidade de que o modelo de crecemento indefinido, baseado no progreso tecnolóxico e a reestructuración económica conduza a unha sociedade máis xusta e respeitosa coa natureza carece de base empírica.

da economía agacha as condicións e a cantidade de traballo que as mulleres realizan para aseguraren a súa supervivencia e a das súas familias, das que son en grande parte responsábeis, e facilita a desvaloración social e retributiva da muller asalariada, obrigada a atender á vez as tarefas produtivas e reprodutivas.



Este último ciclo económico, coa crise e os procesos consecuentes de reestruturación, deixaron á luz a extrema vulnerabilidade da situación da muller. En todas as sociedades, aínda que principalmente nas máis desprotegidas, a feminización da pobreza é xa unha evidencia.

O comercio regulamentado polo GATT e os programas de Axuste Estructural están a conseguir a redución dos recursos alimenticios, o aumento da dependencia das compañías transnacionais e o recorte nos gastos sociais en saúde e educación. As mulleres son as primeiras afectadas por estas políticas: marxinaadas no acceso á propiedade ou nos sistemas de financiación, cando non desprazadas polo impacto dos grandes proxectos, millóns de mulleres viron-se obrigadas a emigrar ás cidades ou a outros países, onde loitan por sobrevivir asumindo os labores máis marxinais. Neste contexto tenta-se resolver o reparto desigual de recursos no mundo incidindo sobre os procesos de crecemento da poboación, pasando por riba dos dereitos de reprodución de cada muller.

Esta combinación de responsabilidades familiares e subordinación social e económica mantén-se através de diferentes estruturas sociais, culturais e ideolóxicas, e mediante múltiples formas de violencia (sexual, corporal, reprodutiva...). O discurso internacional dos dereitos individuais, no entanto, segue a silenciar estas situacións mediante a sistemática

manipulación do dereito á especificidade cultural que as elites políticas ou relixiosas empregan para se perpetuaren no poder.

O Banco Mundial e o FMI desenvolven políticas instrumentais que apelan aos dereitos das mulleres e á súa

incorporación ao "progreso" mantendo e reforzando o contexto de desigualdade existente. As políticas económicas e sociais deben eliminar estes desequilibrios que serven de coartada a moitas elites dirixentes para manter as estruturas de dominación patriarcal.

Os programas de axuste

O Banco Mundial condiciona unha parte dos seus empréstimos -en especial dos concedidos nos últimos 15 anos- e do seu aval aos países subdesenvolvidos ao cumprimento de programas de "axuste", que consisten básicamente en controlar a inflación e o déficit, reducir a intervención e a presenza do sector público, abrir o seu mercado aos produtos dos demais países e devaluar a moeda para favorecer o crecemento do sector exportador.

**Para reducir o déficit recomenda-se adoito suprimir programas de benestar social e de infraestruturas comunitarias, eliminar subvencións e prezos de apoio aos prezos dos alimentos básicos e suprimir liñas privilexiadas de crédito á agricultura.*

**Favorecer o crecemento do sector exportador significa fomentar os cultivos de exportación en detrimento dos alimentos tradicionais, o que significa que -haberá que importar fertilizantes e máis alimentos dos países desenvolvidos co que tampouco se arranxan os problemas da balanza de pagos; de feito nos últimos 20 anos agudizaron-se porque os prezos dos produtos tropicais baixaron mentres que os fertilizantes, plaguicidas, etc. aumentaron*

-os únicos beneficiarios desta política son as grandes empresas que negocian os produtos de exportación e os seus axentes locais; os campesiños teñen que pagar cada vez máis polos plaguicidas e reciben menos polos plátanos, polo café ou polo arroz, polo que se empobrecen máis.

O Banco Mundial ten así unha grande capacidade de intromisión nas políticas internas dos países pobres, que son os que precisan estes créditos, xa sexa para pagar dévidas anteriores ou simplemente para paliar a fame.

Consecuentemente, mantemos que a superación do actual estado de desigualdade é a condición de partida para construír unha convivencia igualitaria e harmónica. As organizacións de solidariedade internacional deberían colocar este obxectivo en primeira liña dos seus programas, apoiando o camiño espe-

cífico que, en cada ámbito cultural seguen as mulleres na súa loita pola igualdade e pola autonomía.

3. Acabar co crecemento da economía de mercado

O crecemento indefinido da economía monetaria, apoiado

O proceso de globalización é intrinsecamente non sustentábel desde a perspectiva ecolóxica, porque orixina un crecemento exponencial do transporte e do consumo de enerxías non renovábeis.

Créditos ¿para qué?

As "axudas" do Banco Mundial aos países subdesenvolvidos non son tais axudas, son créditos, que como tal debe ser reintegradas. Os países receptores debían ser libres de elixir o seu uso. Sen embargo, a análise dos proxectos financiados polo Banco nos seus 50 anos de existencia mostra que o destino dos créditos dependeu da política do Banco mais que de nengunha outra cousa:

-até 1960 o Banco emprestou só para grandes proxectos relacionados con enerxía e infraestruturas: grandes encoros, estradas, etc. que causaron danos ambientais e desprazamentos das poboacións.

-a partir de 1960 engadiu a estas dúas liñas -que seguiron a ser centrais na política do Banco- un importante capítulo para "desarrollo rural", pero entendendo este como construción de regadíos, créditos para sementes, fertilizantes e plaguicidas industriais, o que é dicir na liña de fomentar os cultivos de exportación en plan agricultura industrial

-a partir de 1987 introduciu unha pequena partida para proxectos "medioambientais"

O Banco Mundial é o organismo internacional que por termo medio concede uns préstamos mais elevados; de feito non concede préstamos pequenos. Como as grandes obras a financiar se licitan no mercado internacional, as mais das veces son as grandes multinacionais as que as executan, beneficiándose só marxinalmente as poboacións locais. Os recursos postos de súpeto nas máns de gobernos corruptos rematan muitas veces por ser utilizados de xeito clientelar e ineficiente.

na expansión continua do consumo por parte dos privilexiados de todo o mundo e na continuación da explotación neocolonial é a causa principal do agravamento das diferencias entre pobos e clases sociais, da expansión da pobreza e do declínio dos recursos naturais. A posibilidade de alcanzar, através do progreso tecnolóxico e a reestruturación económica, un novo modelo de crecemento indefinido da economía monetaria que sexa socialmente equitativo e que non erosione a base dos recursos naturais é unha crenza que non ten base empírica nengunha e que se ve desmentida pola experiencia. Igual de falsa revelou-se a idea de que esta sexa o único camiño para superar a pobreza, resolver o problema do emprego e evitar a destrución da Natureza. Este tipo de falsas alternativas, propostas amiúdo polo Banco Mundial e o FMI benefician tan só os poderosos e os sectores privilexiados a que ambas as institucións defenden e representan.

Consecuentemente, e como punto de partida para a superación dos desequilibrios sociais, ambientais e económicos, hai que deter o crecemento da economía monetaria. Para superar a pobreza e a marxinação e para avanzar

cara á xustiza social comprometer como base a redistribución da riqueza e non o crecemento, evitar a mercantilización da vida das persoas e levar á práctica de maneira autónoma alternativas xustas, solidarias e respeitosas coa Natureza.

4. Encarar a globalización económica e financeira desde os pobos e as comunidades.

A globalización da economía constitui a etapa actual do secular proceso de expansión do sistema capitalista. Esta expansión supón unha mercantilización a un nivel moito maior do observado até o de agora das capacidades produtivas e criativas das persoas, así como dos recursos naturais, sociais e culturais dos pobos e das comunidades, para facilitar a súa conexión cos circuitos económicos mundiais, domi-


nados polas empresas transnacionais e polo sistema financeiro internacional. A globalización económica provoca a ruína cultural dos pobos e leva, antes ou despois, á deterioración das súas condicións de vida. O proceso de globalización é, alén disto, intrinsecamente insustentábel desde a perspectiva ecolóxica, porque orixina un crecemento exponencial do transporte e do consumo de enerxías non renovábeis e porque as esixencias de competencia nos mercados mundiais impoñen a utilización dos recursos naturais de cada lugar en rexime non sustentábel, desprazando as formas tradicionais de utilización dos recursos, estas si adaptadas ás condicións ecolóxicas locais.

A internacionalización do sistema financeiro está asociada de modo íntimo ao proceso de globalización. Despois dos procesos de liberalización e

desregulación das pasadas décadas e da incorporación masiva de recursos tecnolóxicos, o sistema financeiro converteu-se nun xigantesco instrumento de manipulación global do aforro, dos prezos, das moedas, da produción e das riquezas dos pobos do mundo en beneficio duns poucos privilexiados. A maioría esmagadora das transnacionais financeiras pasou a ter un carácter meramente especulativo, sen vínculo nengun con valores ou referencias físicas produtivas ou territoriais. Rea-

O risco dunha catástrofe financeira global, de imprevisíbeis consecuencias para a paz mundial, fai-se cada día mais evidente.

lizan-se de continuo operacións ilegais a larga escala e con absoluta impunidade,



Andrade

mentres proliferan os “paraísos fiscais” e os refúxios para todo tipo de tráfico financeiros encobertos baixo o así chamado “segredo bancario”. A intervención ideolóxica, política e técnica das institucións de Bretton Woods, criadas para garantiren a estabilidade financeira internacional, conduciron directamente a esta situación caótica, en que o risco dunha catástrofe financeira global, de imprevisíbeis consecuencias para a paz mundial, fai-se cada día mais evidente.

Ao abeiro da burbulla financeira global segue a medrar un réxime inxusto de comercio internacional, posto baixo o control das empresas transnacionais e dos gobernos dos países do Norte, e organizado en exclusivo beneficio das clases privilexiadas de todo o mundo. O comercio internacional deixou de ser un instrumento para atender aquelas necesidades reais que non poden ser resolvidas localmente para se converter nun medio para realizar grandes negocios, intercambiando cada vez mais bens supérfluos para os países do Norte a cambio de cada vez menos bens necesarios para os países do Sur. Este foi o resultado das políticas do GATT, políticas que agora a Organización Mundial do Comercio tenta estender a sectores de grande transcendencia sócio-cultural como a propiedade intelectual e os recursos xenéticos. Un réxime xusto de comercio, garantindo a conservación do equilibrio sócio-cultural e ecolóxico das comunidades implicadas no proceso de intercambio só pode dar-se entre sistemas económicos con

capacidades tecnolóxicas relativamente próximas ou entre grupos e comunidades con actitudes solidárias.

En consecuencia, e para facilitar a pervivencia e a recuperación das comunidades autocentradas, baseadas na autosuficiencia e na proximidade, compre deter o proceso de globalización da economía capitalista.

Moitísimos analistas estiman que os pagos de capital e intereses efectuados xa polos países pobres endebedados superan con moito a débeda pendente. O que realmente existe é unha xigantesca débeda económica do Norte en relación co Sur,

A circulación internacional do capital ten que ser sometida a novas maneiras de control social, establecendo unha vinculación obrigatoria entre as transferencias financeiras e os intercambios reais de produtos e servizos, a clausura dos “paraísos fiscais”, a abolición do “segredo bancario” e a persecución internacional dos fraudes e os delitos monetarios e financeiros. O comercio internacional debe-se encadrar nun novo marco institucional que non considere o incremento dos intercambios como un obxectivo en si mesmo, senón que favoreza especialmente o comercio entre as nacións do Sur e facilite aos seus pobos a libre protección dos seus recursos, das suas formas de vida e da sua identidade cultural, sen se veren expostos a presións e represalias. Os pobos de todo o mundo deben-se mobilizar para impedir a ratificación da

Organización Mundial do Comercio.

5. Encarar a crise ecolóxica global desde a autonomía e a responsabilidade local

A ecoloxía global non se pode desvencellar dos problemas ecolóxicos globais. A administración global da crise ecolóxica, tal como fora establecida no Cúmulo de Rio non dá resolto os problemas medioambientais, e só conduce á progresiva instauración dunha “ecocracia” mundial que xestionará os recursos naturais en función do proceso de globalización económica, reproducindo e agravando os conflitos ecolóxicos. As institucións de Bretton Woods, e particularmente o Banco Mundial, converteron-se nos máximos defensores desta política ambiental destrutiva e reclaman para si propias o protagonismo desta xestión. Globalización económica e globalización ecolóxica perfilan-se deste xeito como as dúas caras inseparábeis de nova configuración do sistema capitalista, como a maneira que ten este de se adaptar ao grave deterioro das condicións naturais de produción que el mesmo provocou. Se se chega-se a impoñer este modelo de control e xestión “desde enriba” da ecoloxía e a economía, asistiríamos a unha inmensa destrución da Natureza e á deterioración das condicións de vida das comunidades e os grupos sociais mais febles de todo o mundo.

E polo tanto preciso opoñer-se a este proceso, volvendo-lles ás comunidades e aos

pobos do mundo a plena capacidade de decisión para utilizaren responsabelmente os seus recursos naturais. A xestión dos problemas ecolóxicos ten que ser sustraída do ámbito tecnocrático e devolta ao ámbito político, do que nunca debeu saír. Os problemas de escala superior á local deberán ser abordados cun enfoque de abaixo a riba, através da colaboración e da discusión entre as comunidades afectadas en foros abertos e democráticos.

6. Anular a débeda externa

Sen unha solución final ao problema da débeda externa

non hai posibilidade nengunha de avanzar en dirección a unha situación xusta no plano internacional. A anulación inmediata da chamada "Débeda dos países do Sur" é punto de partida imprescindible para avanzar cara a esa solución. Unha boa parte dos empréstitos que hoxe constitúen a débeda externa foron contratados en circunstancias de dúbida lexitimidade política, tanto pola banda das entidades prestamistas como dos gobernos prestatarios. Os pobos teñen pagado xa enormes sumas como consecuencia das débedas que os seus gobernos adquiriron coas institucións financeiras dos países ricos, en forma de pagos de

intereses, reintegros do principal, fugas de capital e adquisicións de produtos do Norte a prezos impostos nos mesmos contratos de empréstito. Moitísimos analistas estiman que os pagos de capital e intereses efectuados xa polos países pobres endebedados superan con moito a débeda pendente. Os países do Norte teñen, alén disto, outra inmensa débeda cos países do Sur polas materias primas que estes últimos lles viñeron fornecendo a prezos manipulados á baixa polas corporacións transnacionais. En conxunto, os datos dos que dispoñemos indican que o que realmente existe é unha xigantesca débeda económica do Norte en relación co Sur, á



marxe doutras débedas sociais e ecolóxicas que se remontan a algúns séculos atrás e dunha dimensión incalculábel. A anulación sen condicións da totalidade da Débeda Externa é o primeiro pago para establecer unhas relacións internacionais equitativas.

7. *Replantexar a axuda internacional*

Dada a gravidade dos desequilíbrios sociais ecolóxicos e económicos acumulados nas últimas décadas en todo o mundo a solidariedade é hoxe máis precisa que nunca; pero non é menos certo que a forma en que se organizou a Axuda Oficial en tempos pasados contribuíu, en moitos dos casos, a agravar os problemas no canto de resolvé-los. Moitas das empresas dos países ricos fixeron grandes negocios e recibiron grandes subvencións encobertas á conta da Axuda e co apoio activo dos seus gobernos. Estes mesmos gobernos teñen mesmo chegado a presentar regularmente como operacións de axuda operacións indignas, como o fornecimento de armas, mesmo a asesoría, ou a colaboración directa na represión política e social. Boa parte da Axuda Oficial perde-se, polas dúas partes, nos labirintos da corrupción e da incompetencia e acaba por engrosar a carga da Débeda en perxuízo dos grupos sociais máis vulnerábeis nos que se inclúen as minorías, as comunidades indíxenas, as mulleres e os nenos. As institucións de Bretton Woods, e nomeadamente o Banco Mundial, fracasaron nos seus pretendidos obxectivos de reducir a pobreza, porque son só capa-

ces de articular programas de Axuda e Cooperación impostos desde enriba e ignorando as demandas e as necesidades dos grupos locais.

O Foro alternativo "As outras voces do planeta" constata a necesidade de someter a unha fonda revisión non só o conxunto das intervencións realizadas baixo a cobertura dos sistemas oficiais de axuda, senón o mesmo concepto de "Axuda". O Foro insta ás organizacións dedicadas a estas actividades a profundizaren neste debate e elaboraren alternativas de actuación neste campo con vistas a facilitar a autonomía, alternativas que non xeren dependencia, que sexan xestionadas polas comunidades interesadas e que non sexan usadas para maquillar os efectos das políticas de axuste. A Axuda non pode converterse de xeito nengun en ocasión de negocio para os países ou entidades donantes.

8. *Abolir as institucións económicas internacionais*

Para o número crecente de persoas de todo o mundo que pensan que o social, o cultural e o ecolóxico deben voltar a preponderar sobre o económico as institucións de Bretton Woods e a súa irmá xémea GATT/OMC están definitivamente fora de lugar. A estrutura interna do BM e o FMI, onde o poder de decisión é proporcional ao diñeiro aportado por cada país membro, constituindo un paradigma da ideoloxía capitalista, que consagra o primado dos valores económicos por riba de calquer outros

valores humanos, sociais ou naturais. As consecuencias da súa intervención resumen-se na crise ecolóxica, social e política que reina na maior parte do planeta, nun panorama dominado por unha extensión nunca antes vista da desigualdade e da pobreza. Estes resultados son os únicos que se poden esperar da actuación duns aparatos burocráticos que non están sometidos a clase nengunha de control democrático.

Chegou a hora de poñer fin á existencia desta clase de institucións. Os conflitos de intereses e os desaxustes monetarios que poden xurdir entre comunidades, pobos e nacións, deben solveentarse en foros políticos abertos e democráticos, onde se podan tomar en consideración todos os aspectos de cada problema sen que ortodoxia económica nengunha poda impoñer-se sobre os dereitos das persoas.

Hai que fixar un calendario e uns mecanismos que garantizan o control social do proceso de desmantelamento das institucións de Bretton Woods. Este proceso debe-se iniciar cunha inmediata redución dos seus fondos. Ademais, os recursos do fondo global do Medio Ambiente e da axuda concesional, xestionada actualmente polo Banco Mundial, deben de ser postos axiña baixo o control de outras institucións para facilitar a rápida reorientación da súa xestión.

No limiar do cambio de século a penosa historia das institucións de Bretton Woods debe ser samente un mal recordo, unha lección que non debería ser esquecida no futuro. ■

O CANON E O VAL DO NEIRA: UNHA PAISAXE PARA DISFRUTAR


Daniel Vispo, Manuel Soto e Esther Rodríguez *

A uns trinta kilómetros de Lugo, seguindo a estrada Nacional-VI, no corazón dun Val en forma de cunca, atravesado polo río Neira, encontramos a vila de Baralla. Nesta vila, con nome nome de raíz precéltica *bar/barr = monte, rodeado de montes*, comezaremos a nosa andaina.


Collendo a saída de Baralla cara o Norte, pola estrada que vai a Baleira, paralela sempre ao cauce do río, entramos ben pronto nun estreito canón que nos conducirá até o mesmo corazón do Val, en San Miguel de Neira de Rei. A Pena do Escóbio marca o comezo do canón, e ao pé da mesma un caneiro remansa a auga para, nos días calurosos, ofertar-nos un apetecível baño. Pero hoxe, no outono, son os castiñeiros os que nos convidan cos seus froitos a distraer-nos nesta paraxe.

Nas beiras do canón, a un e outro lado do río, até chegar á ponte de San Miguel, unha continua masa de vexetación autóctona relaxa a nosa vista. A predominancia de carballos e castiñeiros, ven a sumar-se algún freixo, algunha mancha de faias, e a vexetación de ribeira, bidueiros e amieiros, sobre todo. É esta vexetación a que serve de refúxio a máis de cen especies, algunhas delas protexidas como o martín peixeiro, a lontra, o gato montés ou o desmán dos Pirineos. O cauce do Neira ábrese traballosamente paso entre as vetas de xistos e cuarcitas que, de cando en vez, erguen sobre as dúas ladeiras grises e duras crestas. Aves rapaces, moitas delas protexidas pola súa escaseza, adoitan pousar nestes lugares ou voar dun penedo noutro, ofertando a súa silueta ao afeizoado naturalista ou ao labrego coñecedor.

Do traballosa camiñar do río son testimónio as profundas covas, como a do chamado Pozo Negro, que a forza da auga foi cavando despóis de saltar sobre esas duras vetas de xistos e cuarcitas. A bele-



Caneiro no Neira onde a Pena de Escóbio. Toda a ruta transcorre ligada ao salmónico río Neira.



za da súa paisaxe permanece acompañada pola lenda da nena que morreu afogada neste lugar: o seu pequeno cadelo branco aínda hoxe sae ao paso aos viaxantes solitarios para pedir socorro.

A presenza humana, non menos traballosa polas encostas da ribeira, manifesta-se nos pequenos prados que alternan coas masas boscosas. Resultado desta actividade, hoxe abandonada nos lugares máis difíceis, son os camiños e carreiros que aínda perviven, comunicando uns campos con outros e coas aldeas próximas. O camiñante pode facer todo o percorrido sen pisar o asfalto da pequena carretera que desde Baralla cruza o canón e o val en dirección a Baleira e á Fonsagrada.

Desde o Pozo Negro podemos optar por continuar o curso do Neira até a Ponte de San Miguel, ou por subir monte arriba polo camiño que conduce a Matela para logo descer lixeiramente aos penedos da Reboleira (tamén chamadas penas do ramallo ou do ar) que, xustamente no vértice onde remata o canón e comeza o val, pero a uns 200 metros de altura sobre o curso do río constitúen un excelente mirador voltado a vez ao canón e ao val. Ollando sobre a Igrexa de San Miguel, e á esquerda, temos unha completa panorámica de todo o Val que, coa súa praderia sempre verde, vetada de arbres, regatos, camiños e tellados, engaiola a vista do máis exixente naturalista. Mirando despois á dereita, cara Baralla, seguindo a traza do río, a vexetación autóctona das súas beiras arranxa desde a máis profunda inconsciencia de calquera un sentimento de humana debilidade ante esa toda esa vitalidade que parece saír do mesmo río.

Continuamos adiante para descer ao val, primeiro por monte raso, pero ao pouco por carballeiras e soutos onde non resulta difícil atopar viciños cos que botar unha parrafada. Os cogumelos proliferan nas súas formas e cores máis diversas, ao igual que a variedade de tonalidades quentes da época outonal. Chegados ao val, voltamos á dereita para achegar-nos a Ponte de San Miguel de Neira. Os máis camiñantes poden optar entón por subir a Pena da Cruz, mirador turístico oficial e lugar de culto relixioso, para ter de novo ante

UNHA HISTORIA A DESCOBRIR:

O Val de Neira de Rei, desde o seu corazón ubicado nas terras de San Miguel e de San Martiño de Neira de Rei, estende os seus brazos en todas as direccións, seguindo o cauce dos pequenos ríos e regatos, como os da Pena e de Xemil, e o do Furco, que van agrandando a vida e a forza do río Neira.

No propio nome do río Neira, -da raíz preindoeuropea "nar/ner/nor/naur = auga, río"-, encontramos á forza vestixios dun povoamento xa consolidado desde moito antes da ocupación romana. Os fragmentos de asta e o puñal en bronce (do 700-500 a.C) encontrados na Cova dos Penedos, na parroquia do Furco, ou os moitos castros, -aínda por estudar sistemáticamente-, que abundan no entorno do Neira son testemuña evidente do importante povoamento que na época prerromana do Castrexo traballou nas terras do Val.

O castro de Penarrúbia, no que tén aparecido unha vaixela de cobre e bronce do castrexo prerromano, xunto cun ara votiva, muíños e moedas xa da época romana; os castros de Pedrafitas e Vilachá, na parroquia de Camporredondo; o castro de San Miguel sobre o que asenta a actual Igrexa de San Miguel; o castro dos mouros (que traducido á linguaxe actual sería castro das pedras) e o castro de Carballedo, na parroquia de San Martiño; xunto con algúns máis aínda sen catalogar, deben dar idea da enorme vitalidade que bulía, xa desde antes dos romanos chegaren a Galiza, no Val de Neira de Rei.

Esta vitalidade consolida-se na época romana coa vía Astúrica-Bracaerense (de Astorga a Braga), que cruzaba sobre o río Neira pola ponte romana dos Mazos. Xa na época medieval, esta vía chega a ser unha derivación do camiño francés cara Santiago de Compostela, e arredor dela non tardarán en medrar todos os servizos de hospedaría e culto que a pelexinaxe a Santiago demandaba. O ábside románico da Igrexa de San Miguel, co seu Pantocrátor, pertence precisamente a esta época; e tamén aquelas primeiras ferrerías que darian, máis tarde, lugar aos mazos de auga.

Nesta época medieval, coa residencia do Marqués de Alcañices no pazo da Condomiña (de "cum dominia" = dominio compartido entre dous señores), nace unha capitalidade administrativa sobre as terras de toda a comarca de Neira de Xusá que chegaría até tempos ben recentes. Aínda hoxe, no lugar dos Mazos, se conserva a denominada casa da Audiencia. Temos en resumo, unha dilatada historia aínda por estudar, descubrir e inventariar, pero da que os vestixios son numerosos.



No Val do Neira sente-se fortemente a paz e a tranquilidade que a natureza harmoniosa nos transmite. As paisaxes tradicionais galegas poden vivir-se aínda hoxe na súa plenitude.

si a panorámica do val e do canón.

Outros conformarán-se con ficar a média ladeira, para contemplar o conxunto do val desde perto, ou descansar no magnífico souto. Uns e outros podemos axiña adentrar-nos no corazón do val. Sebes e ripisilvas dominan as lindes entre as leiras, os prados e as hortas. Acharemos aínda exemplos dunha arquitectura popular ben conservada, pero en desuso e que require pronta atención. Entre os fruitais predominan os pomares, cunha variedade que nos permite encontrar na mesma horta máis dunha dúzia de mazás diferentes. Cerdeiras, pereiras e nogueiras, xuntamente cos pomares, ofrecen os seus frutos durante todo o ano aos que, xá no outono, se suman as castañas.

Chegados a Ponte de Neira continuamos até a ponte Romana e, perto dela, podemos visitar o edificio dos antigos mazos en avanzado estado de deterioro ante a falta de accións encamiñadas a súa restauración e conservación. Fagamos nosa a chamada de atención á administración para que se sensibilice pola conservación deste patrimonio arqueolóxico industrial, que un dos seus propietarios nos transmitía.

Sobre o panorámico Val, pode ún focalizar a vista e o andar cara esa encrucillada de camiños e regatos que se dan a má n nas parroquias de San Miguel e San Martiño, para rematar a viaxe camiño de Becerreá, á cabeceira do Furco, ou camiño de Camporredondo, seguindo o cauce do Neira. Ao final da viaxe, feita coa calma que a paisaxe se merece, teremos aprendido a disfrutar desa outra calma que transmite a contemplación da natureza. ■

() Os autores agradecen a colaboración de Montse e Marisa, veciñas de Neira de Rei e excelentes guías.*



O canón do Neira combina os campos e pastos cunha rica vexetación autóctona. Só as áreas de grandes pendientes, que chegan ao 200%, se nos mostran espidas e agrestes.

O VAL DA POESIA

Antes de que a primeira escavadora chegue a fender aquel fogar no que medrou o poeta Luis Gonzáles López Lois do Cando, os versos do seu xa centenário poema "Neira de Rei" foron escritos de novo para espertar as conciéncias na defensa deste val, considerado como un dos máis belos das terras luguesas, contra a destrución que a Autovia do Noroeste amiaza:

A terra cuberta de frutas e froles,
A terra das nenas con caras de soles
A terra encantada de Neira de Rei.

Nos anos primeiros da miña crianza,
Correndo sin treguas por soutos e prados,
Subindo cerdeiras, saltando valados,
Os tempos mellores da vida pasei.

Alí son as nenas xeitosas, garridas,
Alí vin as caras máis lindas da terra,
O chan ten os puros perfumes da serra,
I a paz dos patriarcas en ela atopei.

...

Pero a poesía segue a frolecer en Neira de Rei e, na pluma de Manuel Rodríguez Castro, cura de Neira de Rei, chama a loitar contra a Autovia:

A MORTE DO VAL

Autovia que me fendes
por metade o corazón,
olla ás bágoas das árbores,
dos prados ó seu verdor,
ó cantar dos paxariños
chiando contra a polución.
Sempre serás maldicida
porque extermina-la vida
dos peixiños que, no leito,
non terán, xá, augas limpas,
nin o listo martín peixeiro.

Val louvado, Val lembrado,
por xentes de terra e mar,
por letrados e poetas:
Fole, Correas... Cando,
Ana Kiro co seu cantar.
Triste historia, fin de século
pro val de Neira de Rei,
onde sempre paz gocei,
conforto e gusto estético,
que, pra sempre, perderei.

Son as almas de cemento,
-cultura só pro diñeiro-
os que dirixen os proxectos,
sen ollar que os bos labregos
qué comerán?...sen os leiros.

Salvemo-lo Val do Neira
coa carraxe de protesta,
todos xuntos nunha xeira
para que a xeración vindeira
non emigre a outras terras.
Non rexeitamo-la via,
queremos prosperidade.
Xa que hai outra alternativa...
Non nos amarguen a vida,
fuxan co "inventó" diante.

Para a defensa da natureza

COLABORA CON ADEGA, FAI-TE SOCIA/O

Cada día, a natureza está mais amiazada e mais degradada. A contaminación e os residuos fan case imposíbel unha vida san. O modelo económico baseado no consumismo leva ao esgotamento dos recursos naturais de todo o planeta, extendendo a probeza e a fame en extensas rexións. O equilibrio ecolóxico do planeta está en perigo: capa de ozono, efecto invernadeiro, amiaza nuclear, desertización, redución da biodiversidade...

Cumpre actuar xá. Na Galiza tamén.

Facendo-te socia/o

- ☛ das-lle forza ao ecoloxismo e fas posíveis os seus proxectos de defensa da natureza.
- ☛ apoias unha via alternativa de desenvolvemento
- ☛ loitas contra a contaminación dos ríos e dos mares, do solo e do ar.
- ☛ favoreces a conservación dos espazos naturais
- ☛ ...

E ademais:

- ☛ recibirás puntualmente CERNA, Revista galega de ecoloxía e meio ambiente.
- ☛ estarás ao día a respeito das actividades que organiza Adega nas que, cando non sexan gratuitas, terás desconto.
- ☛ poderás beneficiar-te dun desconto do 30% no material bibliográfico de que dispón a Asociación.



ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA

Nº de SOCIA/O

Boletín de inscripción.

Apellidos

Nome..... N.I.F.

Enderezo: Rúa

Localidade

Provincia Teléfono.....

Data nacimiento Profisión

Cuota: Xuvenil, estudantes, parados 1000 ptas./sem.

Normal. 1000 ptas./trimestre

Superior (indicar):

Boletín de domiciliación bancaria

Banco ou caixa sucursal.....

Localidade nº de conta.....

Titular

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles apresente a devandita Asociación.

Asdo.

CERNA : REVISTA GALEGA DE ECOLOXIA E MEIO AMBIENTE

Nº de SUSCRIPTOR.....

Apellidos

Nome

Enderezo: Rúa

Localidade

Provincia Teléfono.....

Preçio de suscripción anual (catro números): 1.200 ptas.

FORMA DE PAGO

DOMICILIADO: cubrir boletín de domiciliación Bancária

XIRO POSTAL Nº de data

TALON ADXUNTO Nº

Boletín de domiciliación bancaria

Banco ou caixa sucursal.....

Localidade nº de conta.....

Titular

Prego que até novo aviso fagan efectivos a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), con cargo a miña conta os recibos que ao meu nome lles apresente a devandita Asociación.

Asdo.

Envia o correspondente boletín, unha vez cumprimentado, a:
ADEGA, rúa de Touro, 21 - 2º - 15704 Santiago

ERICÁCEAS GALEGAS

Texto: Henrique Niño Ricoi
Ilustracións: Luís Ignacio Niño Ricoi

Moitas ericáceas son usadas como arbustos ornamentais, a máis importante delas posiblemente sexa *Rhododendron*, xénero non autóctono de Galicia pero que pode verse a miúdo cultivado en parques e xardíns. *Erica* e *Calluna* son outros xéneros que actualmente están adquirindo unha grande importancia en xardinería.

As bagas de algunha das especies son comestibles e, por elo, se cultivan nalgunhas partes do mundo. Outras son tóxicas para o home e o gando.

A madeira de outras aínda ten importancia en moitos países como combustible ou para ebanistería. En Galicia tivo eses usos no pasado.

Ericáceas é unha familia moi numerosa constituída principalmente por arbustos sempre verdes. Comprende uns 100 xéneros e cerca de 3.000 especies distribuídas por todo o mundo, excepción feita de gran parte de Australia.



Case todos os membros desta familia viven en solos ácidos e moitos dependen dunha micorriza (asociación simbiótica cun fungo) para o seu correcto desenvolvemento. Algúns son característicos de solos turbosos.

A maioría das especies son arbustivas, podendo chegar algunha a ser unha pequena árbore. As follas son sempre simples e sen estípulas, xeralmente alternas e a miúdo persistente; as de algúns xéneros presentan adaptacións aos ambientes secos, adoptando forma acicular ou enrolando as marxes para diminuír a superficie de evaporación.

As flores, que se poden presentar en grupos ou solitarias, son xeralmente regulares, con cáliz de 4-5 sépalas e corola con 4-5 pétalas soldadas nunha soa peza en forma de tubo, ola ou campá. O froito normalmente é unha cápsula ou unha baga.

Desta familia en Galicia podemos atopar cinco xéneros distintos: *Erica*, *Arbutus*, *Calluna*, *Daboecia* e *Vaccinium*. Do primeiro destes xéneros xa tratamos no número 10 de CERNA, do resto imos tratar nesta ocasión.

Para distinguirmos entre si os diferentes xéneros, pode ser de utilidade a seguinte clave que adaptamos de Flora Ibérica.



ERBIDO - *Arbutus* Linedo
Setembro 94

Follas opostas ou verticiladas, corola que permanece seca na flor despois da fecundación

Follas opostas, cáliz petaloideo máis grande que a corola **Calluna**
Follas verticiladas, cáliz máis pequeno que a corola **Erica**

Follas espaxadas, corola que cae despois de fecundación

Ovario ínfero (en aparencia por debaixo da flor) **Vaccinium**
Ovario súpero (dentro da flor)

Pequena árbore, froito carnosos, follas de 8 x 7 cm **Arbutus**
Arbusto pequeno, froito seco, follas de 1 x 0,5 cm **Daboecia**

ARBUTUS UNEDO L.

(de *arbutus*: diminutivo de *arbor*: árbore, por ser unha arboriña, ou de *arboix*: áspero, pola rugosidade dos seus froitos; *unedo*: *unum*: un e *edo*: comer (comer un)).

érbedo; madroño.

- Arbusto ou pequena árbore de ata 12 m. Tronco de cortiza delgada, parda-avermellada, gretada e caediza en placas cando vella. Copa ovoide.

- Follas persistentes, simples, oblongo-lanceoladas, de 4-11 cm, coriáceas, lustrosas e de marxe serrada.

- Flores de corola branca-verdosa, urceolada (en forma de ola), de aproximadamente 1 cm, en grupos colgantes ó final das ramas.

- Froito globoso, granuloso, de 10-20 mm, primeiro verde, despois amarelo e finalmente escarlata ou vermello escuro.

Florece a finais do outono e madura no outono seguinte, coincidindo coa nova floración. Especie mediterránea, en Galicia pódese atopar na provincia de Ourense e sur de Lugo.

As follas e a cortiza son astrinxentes. As follas tamén antisépticas. Utilízanse, polo tanto, para combater diarreas e disenterías en cocemento de follas secas ou de cortiza. Os froitos son comestibles, pero pouco saborosos ao padal, a non ser que se coman máis que maduros, pois así amolecen e se volven máis doces, pero se son comidos en demasía poden chegar a emborrachar e producir dor de cabeza. De aí o de comer un.

CALLUNA VULGARIS (L.) HULL

(do grego *kallunó*: barrer, por ser utilizado antano na confección de vasoiras.)

queiruga; brecina

- Arbusto de 15-80 cm, con caules erectos, moi ramificados. Follas de 2,5-3,5 mm, imbricadas e dispostas en catro filas.

- Flores numerosas con brácteas semellantes ás sépalas. Estas petaloideas, de 3-4 mm, rosadas ou raramente brancas. Corola acampanada de 2-3 mm, rosada.

- O froito é unha cápsula de forma globosa, de 1-2,5 mm, con numerosas sementes.

Florece entre setembro e novembro. Habita en matoqueiras secas e bosques claros de solo ácido de toda Galicia.



Tense utilizado como diurética, especialmente indicada contra as inflamacións da vexiga urinaria, utilizada en cocemento de ramas tenras con ou sen flores. Nalgunhas zonas de Alemaña utilizan as follas desecadas en lugar do té.

DABOECIA CANTABRICA (HUDS.) K.KOCH [D. polyfolia (Juss.) D.Don; Bryanthus polifolius (Juss.) Merino]


(*daboecia*: dedicado ao santo irlandés Daboec; *cantabrica*: por ser característica de Cantabria e territorios próximos).

queiruga maior, tamborela

- Arbusto de 20-50 cm, con caules decumbentes ou ascendentes.



QUEIRUGA.
Calluna vulgaris.
Setembro 1994



QUEIRUGA MAIOR. Daboecia cantabrica
Xib 1994

- Follas de 10-14 mm, entre ovais e lanceoladas, coas marxes reviradas, brancas polo envés.

- Flores colgantes en grupos de 6-15, con sépalas de 2-3 mm. Corola de 10-15 mm en forma de ola, púrpura avermellada, rara vez branca.

- O froito é unha cápsula, que se abre por catro valvas, con numerosas sementes.

Florece de xuño a outubro. Habita en matogueiras, bosques e lugares rochosos de solo ácido de toda Galicia.

VACCINIUM MYRTILLUS L.

(de *vacca*: *baga*, polo seu froito; e *myrtus*: nome latino da mirta, planta coa que ten gran similitude, sobre todo co seu froito)

arandeira; arándano

- Arbusto erecto de 15-40 cm, con caules moi ramificados, decumbentes e radicantes.

- Follas de 15-30 x 15 mm, membranosas, caducas, ovadas, agudas, de borde serrado.


- Flores, que aparecen nas axilas das follas, viradas cara abaixo, con cáliz acampanado de 2 mm, corola de 4-6 mm en forma de ola globosa, branca esverdeada ou tintada de rosa.

- O froito é unha baga globosa de 6-10 mm, negra violácea, de sabor doce.

Florece en maio e xuño. Os froitos maduran de xullo en adiante. Habita en matogueiras e bosques de solos ácidos, por encima dos 900 m de altitude.

É planta astrinxente e antiséptica á que tamén se lle atribúen propiedades antidiabéticas. En medicina popular tense utilizado, sen fundamento, contra outras moitas doenzas. Utilízase en infusión de follas trituradas ou en cocemento dos froitos. Tamén, para regularizar as funcións intestinais, tómanse os froitos frescos en cantidade.

Nas maiores alturas de Galicia, por encima dos 1.700 m, pódese atopar a arandeira moura (*Vaccinium uliginosum* L.), facilmente distinguible da arandeira común por ter as follas enteiras (non serradas) e de ápice obtuso (non agudo). Hai que ter moito coidado con esta arandeira pois seus froitos comidos en cantidade poden producir dor de cabeza e vómitos. ■



BIBLIOGRAFÍA

- AMARAL FRANCO, JOAO do (1.984).- Nova Flora de Portugal, vol II. LISBOA.
- CASTROVIEJO, S. e col. (ed.) (1.993).- Flora Iberica, vol. IV. Real Jardín Botánico. C.S.I.C. MADRID.
- FONT QUER, P. (1.985).- Diccionario de Botánica. Ed. Labor. BARCELONA.
- FONT QUER, P. (1.992).- Plantas medicinales. Ed. Labor. BARCELONA.
- GARCÍA, X.R. (1.991).- Guía das plantas con flores de Galicia.- Ed. Xerais de Galicia. VIGO.
- HEYWOOD, V.H. (1.985).- Las plantas con flores. Ed. Reverté. BARCELONA.

PEQUENO GLOSARIO BOTÁNICO

- **alternas**: disposición das follas illadas no caule. Sinónimo de espaxiadas.
- **ascendente**: dise do caule que se tomba ó principio, para máis tarde levantarse sobre a base tombada.
- **árbore**: planta perenne de caule leñoso que, levantándose do solo, se ramifica a determinada altura, alcanzando polo xeral un tamaño de máis de 5 m; con menos desa talla denomínase arboriña.
- **arbusto**: vexetal leñoso de non máis de 5 m sen un tronco preponderante, por ramificarse dende a base.
- **autóctono**: propio do país, onde medra salvaxe, sen necesidade de coitados culturais.
- **baga**: froito carnoso e zumoso, co endocarpo tamén carnoso, xeralmente arredondado e de cores rechamantes.
- **bráctea**: folla transformada, situada nas proximidades da flor de forma, cor, tamaño e consistencia variables.
- **coriáceo**: de consistencia e aspecto do coiro, o contrario é membranoso.

- **decumbente**: dise do que está inclinado, principalmente os caules, deitados ou con tendencia a botarse sobre o solo. É sinónimo de procumbente.

- **erecto**: de posición vertical, ou próximo a ela.

- **estípulas**: órganos foliáceos situados na base do pecíolo das follas, case sempre laminares. Poden ser verdes e moi parecidas ás follas ou ser totalmente distintas. Como función parecen ter a da protección da folla cando é nova.

- **imbricadas**: dise das follas que están tan próximas que chegan a cubrirse polos bordes, como as tellas nun tellado.

- **opostas**: que se achan dúas en cada nó, unha fronte á outra.

- **simbiose**: vida en común de dúas especies con beneficio mutuo.

- **radicante**: que bota raíces. Caule que sendo decumbente ou rastreiro bota raíces nos nós que están en contacto co solo e arraiga neles.

(Para cápsula, lanceolada, oblongo, ovado, oval, ovoide e verticiladas, ver Glosario no número 10 de Cerna, páxina 14).

RAGNAR HULT

AS EXCURSIÓNS DUN CIENTÍFICO FINLANDÉS EN 1899 POLA GALIZA.

Xosé A. Fraga Vazquez

O xeógrafo e botánico Hult visitou Galiza no ano 1899 co fin de levar a cabo investigacións xeomorfolóxicas. Nos meses de estancia este profesor finlandés percorreu o país e deixou as súas impresións sobre a nosa Natureza.

Ragnar Hult (Pohja, Sw. Pojo, Finlandia, 1857 - Helsinki, 1899) rematou os estudos universitarios de Botánica en 1878 na Universidade de Helsinki, iniciando nesa materia a docencia na mesma Universidade. Posteriormente a súa atención científica vai dirixirse cara a Xeografía; foi o principal promotor desta materia como disciplina independente en Finlandia e traballou a prol da súa relación coas Ciencias Naturais.


Unha das pescudas que o xeógrafo finés desenvolvía era o estudo da formación do relevo do seu país; en 1898 acadara o financiamento suficiente para levar a cabo unha viaxe de estudos por tres anos. A fins do 1898 inicia a viaxe ao Estado Español, visitando a zona central da península e dirixíndose despois á Galiza. Mais, a viaxe projectada acabou pronto; no mesmo ano 1899 encóntrase enfermo e debe regresar a Finlandia ese verán, para morrer alí o 25 de Setembro.

O percorrido de Hult pola Galiza iniciábase por Ourense; chegou os primeiros días de Xaneiro á provincia. Comeza as súas excursións, recollendo plantas e realizando observacións xeolóxicas ao longo do mes de Xaneiro; pasa case todo mes de Febreiro pola provincia de Pontevedra; marcha a Santiago a primeiros de Marzo e

chega á Coruña, onde permanece desde o 15 de Marzo até o 6 de Abril, hóspede do grande naturalista galego Vitor López Seoane. O 6 de Maio estaba en Viana do Bolo, camiño de Zamora, saíndo da Galiza.

Hult, apesar da inesperada morte, chegou a publicar parte dos resultados das súas pescudas xeolóxicas; o 13 de Febreiro asina en Pontevedra un artigo no que analiza o proceso de disgregación do granito galego, *Granitens vittring i Galicien* (HULT, 1899-1900). O texto, que está redactado cando Hult desenvolvía unha primeira fase da visita, amosa o seu coñecemento do granito e dos procesos de alteración desta rocha; contén a primeira referencia científica na Galiza ás pias ou ás cacholas; terceira desde que as decrebera por vez primeira H. Reusch en 1883, na illa de Córcega. Neste artigo negaba Hult a existencia

Os seus textos conteñen a primeira referencia científica ás pias ou cacholas, e a descripción pioneira do glaciario na Galiza.



Zonas por onde Hult desenvolveu as súas excursións, numeradas cronoloxicamente.

de glaciario cuaternario na Galiza. A visita posterior á zona de Viana do Bolo, no mesmo mes de Maio, permitiulle cambiar de opinión; na narración desa viaxe (HULT, 1899) realiza a descrición pioneira do glaciario na Galiza. Os anteditos traballos ficaban ignorados pola bibliografía galega; a morte do seu contacto galego, Seoane, en 1900, e a inesperada do propio Hult en 1899, favoreceron que as actividades de Hult foran descoñecidas na Galiza até o noso achádego.

O texto, *Fjallvandringar i Galicien och Zamora* (HULT, 1899), ten un contido xeral divulgativo; a agradabel narración de Hult, contándonos, sobre todo, o seu camiñar polos montes ourensáns, amósanos a grande vitalidade deste home, co contrapunto trágico da súa morte ese ano; ollamos unha persoa inqueda, interesada pola vida, os costumes dos paisanos, as características da vida local, a paisaxe como elemento estético é case, diríamos, integrante da propia natureza humana. Ragnar Hult fáciase eco dun xeito de aproximación ao medio ambiente, un excursionismo, contacto organizado coa Natureza, que tivo un auxe notábel no período de fins de século XIX e inicios do XX en Europa, concretándose no agromar de grupos

Repara en moitos detalles da paisaxe, dos hábitos políticos e sociais, observacións que fan dalgún dos seus textos un valioso documento

de estudo, sociedades excursionistas, etc... A importancia da dimensión excursionista da viaxe e do interese de Hult pola divulgación, formaba parte da súa concepción sobre o achegamento da sociedade á Natureza. Onde fica de manifesto ese interese divulgador é na publicación deste traballo específico para un Calendario. Hult está a principios de Maio polos montes do Leste da provincia e o 6 sae da Galiza. O texto permítenos coñecer detalles destes derradeiros tramos e observacións da estancia na Galiza, o seu camiñar polos montes ourensáns.

Segundo o texto antedito, Hult parte da Rúa, lugar ao que, probablemente, chegara en tren desde A Coruña. O día 1 de Maio sae de Viana do Bolo cara ao límite coa provincia de Zamora, na que se interna até Porto; volta á Galiza e percorre a Serra Calva, Segundeira e do Eixe. Chega o día 3 a Ramilo, continuando cara a Viana, a zona de Manzaneda, Serra da Queixa e Póvoa de Trives; está na Rúa o día 6 desde onde marcha en tren cara Madrid. Acode á zona con algúns contactos previos; faise cos servicios

dunha mula e duns mozos, que lle axudan no percorrido e actividades.

Inicia a excursión cunha excelente disposición de ánimo, favorecida pola contemplación dunha paisaxe estimulante: *O día era maravilloso. Oh, o ceo da Galiza, que calmante para os ollos é a súa azul clara! Oh, o sol da Galiza, canta fortaleza teñen os teus raios, que as nubes non poden tapar! Como a Natureza proclama a súa riqueza. Non hai silencio, esgotamento. Era un auténtico día de maio. Colinas e vals ...* (HULT, 1899:13).

Se no diario que elaborou na viaxe amosaba unha salientabel atención a numerosos temas, recollendo unha ampla información, desde un poema sobre a guerra de Cuba, cancións galegas, debuxos do monte Pedroso, etc..., no texto comentado continua e intensifica esa actitude; repara en moitos detalles da paisaxe, dos hábitos políticos e sociais, observacións que fan deste texto un valioso documento. Ragnar Hult aprésentáenos, ademais de como un científico riguroso e atento, como un home curioso, ledor, aberto e liberal. Ao lombo da mula ou camiñando, cantando cancións do seu país, avanzaba polos montes ourensáns; nas paradas de traballo, en palabras suas, *observaba, facía notas, media e recolleitaba*, ao que debemos engadir a realización dalgúns fotos. O esforzo de camiñar era compensado con sinxelas pero apetitosas comidas, entre as que Hult salienta a tortilla de troitas e sobre todo, o suntuoso cabrito; aínda tiña fol-

Bibliografía

HULT, R. (1899). Fjällvandringar i Galicien och Zamora. In: Fran Nord till Syd, Kalender: 30-55. Geografiska Föreningen i Finland, Helsingfors; (1899-1900). Graanitens vittring i Galicien (Desagregation du granite en Galice). Meddelanden af Geografiska Föreningen i Finland, V:1-7. Helsingfors.

CARBALLAL, R.; FRAGA, X.A.; GARCIA, A. e REINOSO, J. (1992). A Colección de Musgos, Hepáticas e Líquens de López Seoane e Hult. Seminario de Estudos Galegos, Área de Biloxia.

FRAGA VAZQUEZ, X.A.; RIKKINEN, K. & VIDAL ROMANI, X.R. (en prensa). The visit of geographer and botanist Ragnar Hult to Galiza in 1899. *Ingenium*, 4.


gos para, chegada a noite, coñecer os costumes do lugar e intensificar a lectura do Quixote.

Como indicamos, a excursión que estamos a comentar permítille ofrecer a pioneira descrición do glaciario galego; perto de Ramilo observa emocionado: *Podía dar crédito aos meus ollos? Aquí, no límite da zona de carballedos, a 1384 metros sobre o nivel do mar, había un clarísimo terreo glacial de orixe moi antiga (...)* O meu corazón latexaba de emoción ao observar este impresionante e primeiro achádego ...

Con posterioridade tería oportunidade de realizar novas observacións de glaciario, na zona de Cabeza de Manzaneda. O activo profesor finlandés completaba as pescudas xeolóxicas con novas colleitas botánicas, axudado polos mozos que o acompañaban: *Había tal cantidade de flores, tantas novidades que non poden recoller todas as especies para museos en Madrid e Helsinki.*

A intención de realizar unha publicación botánica sobre os exemplares recolleitos na Galiza fica posto de manifesto no seguinte texto: *Non quero cansar aos meus lectores enumerando todas as plantas; estas pertencen a un traballo especial que espero poder publicar sen tardanza.*

Realmente, toda a narración de Hult amosa a grande vitalidade deste home, unha enorme curiosidade e capacidade de traballo, que non facía agardar unha morte tan próxima. ■



Debuxo de Hult de granito da provincia de Ourense.

A VOZ NATURAL DUN “LABREGO CON ALGO DE POETA” (I)

Emílio Xosé Ínsua

Así se autodefiniu quen resulta ser unha das voces fulcrais, cualitativa e cuantitativamente, da poesía galega do noso século, o escritor chairego MANUEL MARIA (Outeiro de Rei, 1929). Bautizado no seu día como “poeta da Terra Chá” e pulsador aplicado de innumerábeis cordas temáticas e estilísticas ao longo da súa trintena longa de libros publicados, o noso Manuel Maria amosa na súa obra unha profunda identificación vital coa natureza e un amor xeneroso pola Terra que imos tentar divulgar a través desta nova entrega de “A Natureza na Literatura”. Vaia a xeito de homenaxe colectiva do ecoloxismo galego a quen ten dito, con ese sentido do profundo que o caracteriza: “seime un pequeno anaco da Terra Chá animado e feito home”.

Alguns estudosos da obra de Manuel Maria teñen reparado desde ben cedo nesa presenza persistente e amábel do natural na súa poesía. En particular, o profesor Claudio R. Fer ten distinguido na poesía do noso autor unha especie de “macrociclo” ou “conxunto”, que califica de “etnopaisaxístico” e que tería comezado a manifestarse con ocasión da saída dos prelos do poemario Terra Chá, no ano 1954. Pola nosa banda, cremos que, sen negar validez a esa distinción, hai que considerar a comunión coa natureza como unha auténtica “corrente de fondo”, como un sustrato anímico-afectivo se se quixer, presente en toda a poesía manuelmariá, inclusivemente naquela que, en aparencia, está máis afastada de preocupacións naturistas ou paisaxísticas. Apenas si hai un poemario de Manuel Maria onde non se faga presente a natureza, quer como tema focalizado, quer como “dispensario” de pequenos elementos que “veñen a conto” por moi diversos motivos (unha metáfora, unha comparación, un estado anímico, un sentimento, etc.). Poucos poetas galegos teñen feito con tanta frecuencia de animais, árbores, tipos de plantas, paisaxes, etc., o obxecto da súa inspiración, nun intento (en palabras de Claudio R. Fer) de “poetizar a cultura material dunha Galiza rural e interior”. Mais isto non significou unha queda no pseudo-enxebrismo paisaxístico, alienante e auto-suficiente, tan en boga nos anos de posguerra. O propio Manuel Maria atacara sen contemplacións, como comprobamos nestes exemplos que seguen.



En primeiro lugar, Manuel Maria cre que o canto á paisaxe en si mesmo non pode satisfacer todas as necesidades do ser humano, nen consolar todas as súas angurias:

“Non abonda a frol,
nin a estrela,
nin a canción do paxaro
cando o pó noxento -terra inmunda-
nos lixa ó longo do camiño sin senso que é a vida.”
Advento (1954)

Hai, en segundo lugar, un esforzo do noso poeta por combater os tópicos, por “desmitificar” aqueles elementos preferidos dun certo tipo de poesía cursilizada; así, p. ex., a flor da azucena:

“A azucea non é pura e ten seu lixo:
ó fecundar deixou de ser virxinidade.
Eu ben sei que algún poeta ó saber esto

chorará(..)

Eis o meu mensaxe. Vivide.

Sin azuceas, sin luas, sin andrómenas."

Documentos persoas (1958)

ou mesmamente a lua, tan grata aos románticos...:

"A lúa é un vello artefacto, podre e noxento,
que amortalla coa súa palidez de enmascarada
os saloucos das adoescentes cursis.

A lúa é un vello corazón que non latexa(.)"

Morrendo a cada intre (1952)

En terceiro lugar, Manuel Maria intenta desenmascarar aquilo que agochan certos versos louvatorios para a muller galega, construídos sobre a base das comparacións cos elementos da paisaxe:

"É criminal, no tempo que corremos,
comparar a muller e máis a frol
cando as mulleres de Galicia
teñen que emigrar(.)
non ten a pel de lilio ou azucea(.)
tampouco a súa sorriso é
un raio de sol na primaveira"

Remol (1970)



Debuxo de Isaac Díaz Pardo, incluído na 4ª edición do libro *Terra Chá* de Manuel Maria.

Este afán desmitificador, desenmascarador, aínda se estende e toca de cheo o discurso, supostamente "lírico", construído desde os despachos do Ministerio de Información e Turismo na era Fraga Iribarne sobre a "esquina verde do noroeste peninsular": a Galiza do atraso, da represión e da riada emigrante ficaba oculta tras un manto verbal de loubanzas á paisaxe e de reclamos para o turismo:

"A lírica serán e o mar inmenso.
O verde dos lameiros, as bateladas
enchendo de paz-fermoso cadro-
a xeorxísimas calma das campías.
A nosa paisaxe- ¡qué mágoa non
podela enlatar como as sardiñas!
que non pode admitir comparanza
con outra paisaxe, por moi fermosa,
grandiosa e garimosa que ela sexa.
Hai que dicir sempre non, non
e non a tanto tópico que afoga,(.)"

Proba documental (1968)

A conclusión de Manuel Maria explicita-se sumariamente nestes versos:

Vive coa xente nas rúas,
esquenze froles e lúas(.)
Ti respiras, vives, comes:
¡ponte do lado dos homes
e non do da primaveira!(.)

Versos pra cantar en feiras e romaxes (1969)

Nada máis lonxe da verdade que deducir dos versos anteriores unha minusvaloración ou un desleixo pola natureza. Estamos diante da reacción indignada dun poeta que comproba como algo íntimo e seu, (e ao tempo comunal) está a ser utilizado espuriamente, como "tapadeira" ou "narcótico" de situacións sangrantes que afectan a Galiza e aos galegos nesa época. Son tempos de ditadura. E o noso poeta acudirá á ironía e á burla para deixar en evidencia a arbitrariedade e a prepotencia exercidas desde o poder totalitario e centralista. Non puido ocorrerse-lle ao Manuel Maria outra solución que enfrontar nos versos as "fantochadas" dos elementos de "orden e mando" cunha forza invencíbel, indomeñábel, que mantivese intacta a liberdade e a dignidade: a natureza. Daí o efecto de versos como estes:

"Prohíbese, por orde da Alcaldía,
que medren porque sí
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia pra voar(.)
Están fora da Lei
as estrelas, a Primaveira,
as froles i os paxaros(.)"

Documentos persoas (1958)

Tamén certa ironía contra os estamentos academicistas da cultura galega se deixa entrever nestoutros versos:

**"Eu comunícolle a vostede, señor Merlo(.)
que non lle diga a ninguén o seu cantar.
Vostede non ten licencia da Academia
e non se pode cantar sin máis nin máis."**

Documentos persoas

E sen abandoarmos esta veta irónica, vexamos como Manuel Maria pon en solfa o (suposto) ecoloxismo oficial do Réxime:

**"Apareceu un pombo suicidado.
Aforcouse onte pola noite
na ponla frofida dun cereixal(.)
I oxe ó seu enterro asistirá,
vestida de loito riguroso,
a Sociedade Proteutora de Animás."**

Documentos persoas

No poemario Odes num tempo de paz e de alegría, publicado en Porto no 1972, Manuel Maria culmina maxistralmente este proceso de ironización sobre as cousas, presentando-nos en verso un perfecto "mundo ao revés". Paga a pena reproducir estes fragmentos que tocan o tema da degradación medioambiental e do abandono da terra:

**"Galicia é un paradiso, un xardin
cultivado con cencia e con beleza.
Non se ollan, por ningunha banda,
ortigas, hedras, silveiras,
cardos, toxales ou codesos.
Tampouco hai campos ermos(.)"**

"Oda pesimista ó meu país"

**"Non coñezo nada máis delicioso
e máis humán que as grandes
ciudades, emporios de riqueza,
de cultura, de solidariedade,
de igualdade, de desintrés,
de auténtica irmandade(.)
hai grandes espacios verdes,
non se ven fumes, a xente vai
sosegadamente ó seu traballo,
eiquí sobran prisas, timbres
semáforos, brúidos, teléfonos,
os paxaros andan polas rúas
misturados con autos e persoas,
o tráfico é fluído e moi doado,
o río está limpo coma a prata,
non hai que soportar molestias,
o silencio é perfeuto, o ar purísimo
sin rastro sequer de polución,
as albres i as roseiras medran
no meio das calzadas libremente(..)"**

"Oda ás grandes cidades"

Un último exemplo desta técnica irónica do noso poeta, con elementos da natureza empregados como materia prima dos versos, temo-lo nun dos poemarios máis "políticos" da súa traxectoria: Cantos rodados pra alleados e colonizados (1976). Nunha composición titulada (note-se a retransca) "Poema romántico", lemos o seguinte:

**"Hai moitas variedás
de cás,
dende o can de palleiro
ó petiso faldeiro,
contando ó perdigueiro.
Pero hai unha clas
arrepiente:
é o gran capital
multinacional
dos norteameri-CÁS
que ri por dediante
e roe por detrás".**

Mais o Manuel Maria non esgota nesta veta a súa faceta de escritor naturista. É poeta tamén de olladas amábeis sobre o mundo, de identificacións sentidas, de emocións ante a paisaxe, de compromiso ecoloxista. Veremo-lo no próximo número de CERNA. ■



Debuxo de Díaz Pardo que ilustra o poema CAS, pertencente á 4ª edición do poemario Terra Chá.

O MEDIO AMBIENTE EN CATRO CONCELLOS DA MANCOMUNIDADE DE A CORUÑA

PEDRO SANTIAGO LAGUILLO

Con tres preguntas (Puntos verdes, puntos negros, e actuacións municipais), formuladas aos respectivos responsables políticos, achegámonos nesta ocasión ao medio ambiente (M.A.) de catro Concellos da mancomunidad de A Coruña: a propia Coruña, Oleiros, Culleredo e Cerceda. Todos coinciden en que isto da mancomunidad é mais unha ficción política que un auténtico órgano de coordinación de políticas. E o medio ambiente non escapa desta tendencia. Falase a estas alturas dunha "Zona metropolitana", onde a metrópole non quere medrar mais, e traslada os seus problemas aos Concellos limítrofes, irremisiblemente virados de cara á cidade, da que dependen en grande medida e da que reciben non só beneficios... A influencia da cidade é enorme nos seus veciños, e será maior na medida en que non se traballe con visions globais e de xeito coordinado, ou cando menos pactado. O porto, os transportes, o saneamento, os residuos urbanos, as grandes obras de infraestruturas, o urbanismo... son cuestións que ligan aos diferentes elementos da mancomunidad na mesma medida que a dependencia económica dos seus habitantes. Arteixo e Cambre presentan seguramente perfíles semellantes, pero as entrevistas non foron posibles polo momento. Pero vexamos que opinan os nosos gobernantes das cuestións medioambientais, e deixemos en parte que sexan eles mesmos os que se descubran e aporten contrapuntos interesantes

A Coruña

Na Coruña as cuestións medioambientais son coordinadas por Pedro Vasco, tenente de alcalde, ao que lle preocupan principalmente a Refinería e o Porto. Da primeira pouco que decir: o Concello está tranquilo na medida que a Xunta realiza un control periódico da contaminación, do que eles reciben información. Con respecto ao porto, a descarga de cereais provoca dispersión de partículas alérxicas (que provocan alerxias). Estase traballando nun novo proxecto de instalación para evitalo.

O vento e o mar son dous dos aliados cos que o Concello conta para manter a contaminación na cidade baixo mínimos. O colector do plan de saneamento integral é casi unha realidade, e con él elimínanse os vertidos de augas fecais que se viñan facendo á zona de porto e ría, e concéntranse na "depuradora" e emisario de Bens, para os que aínda non hai prazos para a súa adecuación á normativa comunitaria.

O Concello da Coruña está pendente de resolver un novo concurso para a recollida selectiva do lixo (separación de papel e vidro), ao marxe da proposta de Oleiros de facelo no marco da mancomunidad. O primeiro concurso quedou

Os Concellos limítrofes dependen en grande medida da cidade, da que reciben non só beneficios...

deserto. Nas bases era condición indispensable que a recollida e reciclaxe fosen gratuitas para o Concello... Apóstase deste xeito pola reciclaxe, pero valorase de forma positiva o Plan de R.S.U da Xunta. A Coruña ten no vertedeiro de Bens unha das súas bestas negras, e calquera solución que axude a pechalo será ben recibida. Declárase sen embargo, que non hai información suficiente como para unha avaliación definitiva, aínda que as primeiras previsións sobre o coste do plan para os concellos, fan a súa aplicación mais que difícil. Desde esta concellalía confíase no bon facer de técnicos e responsables da operación: "Aínda estamos a tempo de buscar a mellor solución".

Tamén se confía nos técnicos na controvertida obra da nova dársena de Oza, na ría: "Se Costas e o Porto fixeron esa obra, contarian cos estudos correspondentes". Este é para o Concello un tema case alleo, e un problema "mais teórico que real".

No final da conversa os plans de completar o cinturón verde de A Coruña. Tres grandes parques se sumarán aos existentes: O da Torre, o de Eirís e o Monte de San Pedro, hoxe propiedade de Defensa. Para o vertedeiro de Bens o proxecto contempla outra extensa zona verde, cando se consiga clausurar. De momento formalízanse as expropiacións para a súa ampliación. Hoxe por hoxe A Coruña é unha cidade modelo en canto a equipamentos cidadáns para o seu tamaño en toda Europa, según os seus rexidores. Os seus obxectivos a medio e longo prazo

centranse en manter e mellorar as conquistas realizadas no difuso concepto de calidade de vida

Oleiros

A concellalía de Xuventude e M.A. do Concello de Oleiros pretende que a súa

As primeiras previsións sobre o coste do plan de R.S.U. da Xunta para os concellos, fan a súa aplicación mais que difícil

acción chegue a todas as demais áreas do Concello. Levan xa anos traballando e hoxe presumen dalgúns dos seus puntos verdes.

Boa parte do Concello atópase na liña de expansión natural da Coruña. Superado hai anos o obstáculo da Ría do Burgo coa ponte do Pasaxe, a especulación inmobiliaria "ocupou" Perillo e Santa Cristina, e continuou expandíndose polo resto do Concello. Unha estricte e polémica política urbanística fixo gañar ao concello en habitabilidade, terreos públicos, patrimonio... e algún que outro pleito. O urbanismo de hoxe propóneno como modelo a seguir noutras zonas de grande presión constructora como este "municipio periurbano".

O saneamento está completo: depuradora no Norte e colector da Ría no Sur. A lagoa de Mera é caso aparte: a depurado-

ra da vila ten parte da culpa no estado actual deste espazo que aínda que artificial (a lagoa é o recheo dunha antiga mina de arxila), constitúe un bon refuxio e observatorio para aves migradoras. A depuradora deixará de verter alí en breve. O bosque é casi exclusivamente privado, pero o Concello preocupase da repoboación de especies autóctonas e ven de poñer en marcha a escola de bio-xardinería, cos seus viveiros. O mantimento da produtividade e calidade dos bosques traballase dende a formación que ofrece a Casa de Oficios.

Nas costas, o labor de protección é duro tamén: eliminación de chiringuitos, proibición de acceso en vehículos a certos paraxes como o Seixo Branco, a persecu-

portuaria ou as grandes catástrofes como a do Aegean Sea. Todo chega por mar, e eles son os primeiros en enterarse.

Outro problema constitúen os fins de semana, cando a poboación se triplica, e non sempre a xente ven disposta a colaborar nas mais elementais tarefas de mantemento da limpeza. As xuntas da comunidade celebranse por mandato xudicial ante o bloqueo de A Coruña, e os acordos como o do plan de reciclaxe de R.S.U. son papel mollado. Aquí a oposición á incineración é frontal, a pesar dos problemas habidos coa reciclaxe, xa que a empresa que tiña adxudicada a recollida de vidro non funcionou, e para o papel, aínda que se traballa duro, non hai suficiente infraestrutura.

Pero o mais sorprendente é o Centro de Documentación sobre M.A., e a cantidade e calidade dos proxectos e programas de educación ambiental que se organizan desde a casa da mocidade. Aquí hai moito traballo invertido, e do que a longo prazo dá máis resultado.

Culleredo

En Culleredo recibenos Carlos Martínez, Concellal de Servicios, área na que se engloban as políticas medioambientais. Estamos a falar dun concello extenso, de 62 Km², con dúas áreas urbanas (O Burgo e Vilaboa) que concentran o 70 % da poboación, cunha configuración próxima á de cidades dormitorio. Isto facilita cuestións como o saneamento, conectado ao Colector da Ría, ou a recollida do lixo, completo nestas zonas, aínda que aínda deficitario no resto do Concello.

Sobre o plan de RSU da xunta non hai un posicionamento municipal porque non

hai información oficial do mesmo, aínda que si se teme que a posta en marcha da planta de SOGAMA xenere un forte tráfico que atravesará o Concello. Neste sentido, coméntanos o concelleiro non sen certa resignación, que na vista aérea de Culleredo observanse as cicatrices das "servidumes de paso" da metrópole: Autoestrada A-9, aeroporto, canalización de auga potable, o oleoducto a Vigo, as dúas liñas do ferrocarril, a nova Autovía a Lugo e o previsible trazado do futuro gasoducto.

Un convenio con ICONA para paliar o efecto dos taludes da ampliación do aeroporto, e a presentación de alegacións para a instalación de barreiras sónicas en zonas da Autovía son algunhas das últimas actuacións. En calquer caso, considérase o trazado eleito da Autovía como o menos malo. Culleredo conserva, ademais de extensos eucaliptais dous puntos singulares: o impresionante monte Xalo, pelado e abrupto, onde se pretende instalar unha aula da natureza, e o entorno da hermita de San Cosme, adementado hai pouco, onde ademais se localizan os restos sen escavar dun castro. Aparte destes dous espazos ben coñecidos, o concello esconde un bo montón de bonitos recunchos que ben merecen pasealos sen presas.

A teoría do desenvolvemento sustentable parece ciencia ficción en Culleredo. O Burgo renace e medra gracias a factoría da CROSS, que mantivo durante anos peligrosas emisións gaseosas e líquidas. A planta de abonos químicos pecha varios anos despois de rebasar a obsolescencia, cando a súa falta é absorvida polo tecido creado en torno a ela. Agora, constrúese

Na vista aérea de Culleredo observanse as cicatrices das "servidumes de paso" da metrópole: Autoestrada, aeroporto, oleoducto, autovía...

ción dos vertidos ilegais de entullo, a limpeza de praias... Dúas praias son bandeira azul, aínda que, cando entramos a falar dos puntos negros, o mar, e máis concretamente o porto de Coruña, é o gran problema: dende os pequenos e constantes derrames de crudo da terminal petrolífera, os aínda non pechados desagües da cidade á ría, a alteración de correntes que xa está a causar a dársena de Oza, que aquí xa non se ve como un problema teórico, até os residuos propios da actividade



Camións cisterna recollendo petróleo no porto de Mera, días despois do accidente do "Mar Exeo".

Cerceda sábese a salvo, baixo o paraguas da chimenea da central térmica, pero constatase que xa non hai froita como a que se lembraba antes.

unha urbanización, e unha plantación de bosque autóctono completará o paseo da Ría no antigo solar da planta.

Cerceda

No concello de Cerceda apenas quedan espazos que se poidesen incluír nun hipotético inventario de recursos medioambientais. A presión gandeira foi e é forte, e as tres parroquias "altas" ofrecen á vista vastas pradeiras. Desto e da grande riqueza dos acuíferos de Cerceda falamos con Carmen Otero, responsable dunha parte dos temas medioambientais. O concello exténdese por dúas concas distintas, e a calidade das súas augas favorece a riqueza piscícola. Están en marcha varios proxectos, de realización dun mapa de recursos, de recuperación forestal e de limpeza e rexeneración de cauces. Preténdese que estes proxectos os leven adiante obxectores de conciencia, pero aínda non chegou o primeiro.

É inevitable falar da Mina, con maiúsculas. Gran parte do terreo da parroquia de Encrobas desapareceu tragada pola enorme boca da mina de Lignitos de Meirama, esa mesma boca que en breve se tragará outra polémica aldea. A mina atopou unha falla no granito que non estaba prevista, e hai que ampliar o perímetro se non se quere que os taludes caigan por si sós calquer día, con casas e igrexa incluídas.

Carmen enfoca o medio ambiente dende a súa responsabilidade, a sanidade. As cuestións entendidas como políticas coordénas directamente o alcalde, con quen tamén falamos. Sobre a Central Térmica non hai moita preocupación. O Concello está ao tanto dos informes periódicos que elabora unha empresa de control dependente da propia FENOSA sobre os niveles de inmisión dos contaminantes potenciais que saen pola chimenea de Meirama. Sábense a salvo, baixo o paraguas da propia chimenea, non se recoñece


a existencia de danos graves dentro do termo municipal, pero si se constata que xa non hai froita como a que se lembraba antes da central. O problema pode existir, en calquer caso, para outros concellos. Sen embargo, os problemas coas cinzas son considerados reais aínda que episódicos.

Á escombreira van parar as 5.000 toneladas de cinza diarias, misturadas coa escoria. A superficie útil das escombreyas está agotada, e agora medran en altura. Un río tivo que ser desviado para afianzar estes depósitos que pouco a pouco dan lugar a novas formas da paisaxe.

Outro tema estrela, onde o alcalde se despacha a gusto é o da incineradora. Xa está firmado o convenio para a instalación da "planta de reciclaxe, fábrica de combustible e almacenamento", onde se establecen as contrapartidas que recibirá o Concello. O plan de R.S.U. da Xunta non se ve aquí con malos ollos, e as valoracións son positivas: "É unha solución tecnicamente ben buscada, e aporta o interés

de ser unha solución global. Agora ben, o importante é Reciclar". De momento, xa está escollido o emplazamento do almacén de combustible. Este combustible estará constituído pola basura de non se sabe aínda que parte de Galicia, e esperará aproximadamente tres anos antes de poder ser queimado, cando se construa a incineradora. Curiosamente para o alcalde, é o almacén máis que a planta, o que levantou máis polémica entre os veciños e os non tan veciños.

A Televisión Municipal é un dos medios usados nas campañas de difusión e educación ambiental. Como prova desto, fumos invitados e entrevistados antes de despedirnos de Cerceda nun día gris e humedo, ollando no espello retrovisor como a punta da chimenea de Meirama se agachaba entre as nubes máis baixas, quizais para non vernos. ■



A Central térmica de Meirama domina unha vasta comarca onde predomina a agricultura e gandeira, coa que a miúdo entra en contradicción.


AS SETAS FROITOS DO OUTONO

Os comedores de cogumelos están a proliferar como as propias setas en outono; que haber hainas de saibos esquisitos. Pero, un respecto, porque a lenda negra que pesa sobre elas está en parte xustificada: hainas mortais ou cando menos tóxicas. E isto sumado as propiedades alucinóxenas de algunhas pode explicar os apelativos que se lles viña adicando en distintas zonas do país: pan de cobra, pan de lobo, pan de sapo, paraugas de sapo,... O certo é que, unha vez que se coñecen, se preparan e se comen, algunhas poden pasar a ser "pan de anxos".... Un "pan" rico en proteínas, vitaminas, sales minerais,... Pero, como non hai "recetas" para distinguir unhas de outras hai que aprender a coñecelas. E, ademais dos libros, convén comelas na compañía de expertos/as e sempre ser prudentes: en caso de dúbida, rexeitalas.

De todos os xeitos, se coman ou non, paga a pena adicar algún tempo a disfrutar das súas variadas formas, modos de vida, olores, esporas,... E así entender que constitúan un reino a parte, o Reino Fungi; e o importante papel que xogan nos ecosistemas; e as preferencias por uns ou outros medios (piñeirais, prados,...),...e tantas e tantas cousas que se agochan no mundo das Setas. Estamos no tempo delas: non o deixes pasar. ■




Macro Lepiota PROCERA



ZIRROTA,
CHOPIPI,
PAN DE COBRO,
...



COMO CASE TODO, CANDO SON NOVAS SON MÁIS SABEDORAS. PERO ¡OLLO! NON CONFUNDIR AS NOVAS CASAS PEQUENAS; NON "LEPIOTAS" COTIVAS QUE SON DOUTRO ESPECIE E PODEN SER VELEZOSAS



Como ir ás setas

LEVAR:

UN CAXATO OU UN PAU PARA REBUSCAR NO CHAN

UNHA NAVALLA PARA CORTAR E LIMPAS AS SETAS

UN CESTO DE VIMBIOS PARA TRANSPORTALAS



PARA QUE SIGAN SAÍNDOL SETAS CORTAR POLO PÉ AS COECIDAS -NON ARRÍNCALAS-

RECOLLER SO OS EXEMPLARES EN BOAS CONDICIÓNS: DEIXAR OS VELLAS OU CON VERMES PARA QUE SOCIEN TODAS AS ESPORAS.

Coprinus comatus




DASE EN ESCOMBREIRAS, BEIRAS DE CAMIÑOS, ... SEMPRE A PROCURA DE CAL.



O SOMBREIRO ACABA DESFAZÉNDOSE EN TINTA NEGRA

ESPECIE INCONFUNDIBLE E DE DELICADO SABOR. CÓMENSE SO OS SOMBREIROS DAS XOVES DE CARNE BRANCA E TEURA, MOI APRECIADA PARA CREMAS.

ALGÚNS LIBROS SOBRE SETAS




Setas ou cogumelos de Galicia. Descripción e receitas para a boa cociña.

M. Castro e L. Freire
Edicións Xerais de Galicia
(Col. Montes e Fontes)
Vigo, 1993 (2ªed)
289 páxinas

212 especies descritas, 173 comestibles; con fotos á cor. 54 recetas de cociña. Ampliada e mellorada a obra dos mesmos autores Guía das setas ou cogumelos comestibles de Galicia (1982). Moi recomendable.

Fungos e cogumelos de Galicia

Ch. Gómez e A. Franco
Bahía Edicións (Guías didácticas).
A Coruña, 1992.
75 páxinas.
Unha guía para poder utilizar nas aulas. Con 40 diapositivas



Hongos de nuestros campos y bosques

F. de Diego Calonge
Icona
Madrid 1975
388 páxinas
Describe unhas 100 especies, con fotografías á cor

Los hongos de Europa

C.A. Bauer
Omega
Barcelona, 1982
472 páxinas
Fotografías á cor e láminas de Giacomo Bredasola. A obra orixinal procede de Italia

Guía de los hongos de Europa

Bruno Cetto
Omega
Barcelona, 1987
Catro tomos dunhas 600 páxinas cada un. 1700 especies descritas con fotografías á cor. A obra orixinal tamén procede de Italia

Las Setas. Manual práctico para el aficionado

R. Mendaza e G. Díaz
Grupo de Empresa Ibero-duero. Seccion de Micología
Bilbao, 1981
389 páxinas
Consellos prácticos para o aficionado, cultivo, conservación, recetas culinarias,... Fotografías á cor e descrip-

ción de 200 especies. Moi útil, pero difícil de conseguir.

El Cáрабо nº1: Setas

Madrid, 1982
36 páxinas
Identificación, propiedades e usos das setas, con debuxos significativos e comentarios inxeniosos. Moi recomendable, particularmente para os máis novos

Setas

E. Garnweidner
Everest (Guía de la Naturaleza Everest)
León, 1990 (5ªed)
78 páxinas
De pequeno tamaño (15X9) e protexida con sobrecuberta de plástico. De fácil manexo no campo. Con 70 fotografías á cor.

DISFRUTA
DA PAISAXE
EN TERRAS
DO NEIRA

CONCELLO DE
BARALLA



ACTIVIDADES DO GRUPO GAIA (*)

PROXECTO "A NATUREZA NA CIDADE"

O grupo Gaia é un equipo de investigación-acción que comenzou a traballar no ano 1988. Actualmente está formado por oito persoas: catro profesoras de Ciencias Naturais do I.B. Otero Pedrayo de Ourense e as outras catro vinculadas á Universidade de Vigo no Campus de Ourense (unha Profesora Titular da área de Didáctica e Organización Escolar, un Profesor titular da área de Didáctica das Ciencias Experimentais e dúas becarias de investigación).

Inicialmente, o obxecto do traballo en grupo foi a planificación, posta en práctica e avaliación dun proxecto curricular de Ciencias Naturais de 1º de B.U.P. enfocado cara á educación ambiental nun territorio urbano, que recibiu o nome de A Natureza na Cidade. Posteriormente deseñou un proxecto de Ciencias Naturais de 3º de B.U.P. orientado cara á educación para a saúde, A Saúde é Cousa de Todos.

Os materiais de aula do proxecto A Natureza na Cidade estrutúranse en guías de actividades nas que se inclúen visitas e itinerarios, investigacións de campo e de laboratorio, utilización de xornais e artigos de divulgación, vídeos, xogos de simulación, etc. Ademais das actividades

deseñadas existen outras complementarias, propostas tanto polos estudantes como polos docentes, que son as que dan ó deseño un carácter máis aberto e flexible.

En canto á temática, neste proxecto curricular, recóllense, xunto a contidos clásicos de Ciencias Naturais, problemas medioambientais, cuestións relativas ó medio local, fundamentalmente na súa vertente urbana e aspectos históricos e sociais. Algúns exemplos das cuestións medioambientais que se tratan nos distintos temas son:

Tema 1: As plantas da cidade. O uso de árbores e outras especies vexetais como adorno navideño. As repoboacións. As industrias de celulosa. As plantas trepadoras e os xardíns como "pulmóns" das cidades.

Tema 2: Os fungos: ¿animais, vexetais, ou ...? Os problemas medioambientais que xenera a recollida indiscriminada de cogumelos.

Tema 3: Os animais da cidade. O tráfico ilegal de animais exóticos. A pesca e a caza furtivas. As especies en perigo de extinción. O maltrato ós animais.

Tema 4: ¿Qué clima ten a nosa cidade? Os microclimas urbanos. O efecto invernadeiro e o deterioro da capa de ozono. O cambio climático. A choiva ácida.

Tema 5: Os materiais xeolóxicos do noso entorno. O esgotamento dos recursos minerais. Enerxías renovables. O petróleo como causa de conflitos armados. A expoliación da Amazonía pola súa riqueza mineral.


Tema 6: O marco físico da cidade: o relevo, a auga e os solos. A auga como recurso natural escaso e fácilmente vulnerable. Os deterxentes con fosfatos e a eutrofización das augas. O tratamento das augas residuais. Os problemas do solo. Os incendios forestais.

Tema 7: Consumo e residuos sólidos urbanos. Sistemas de tratamento dos residuos sólidos urbanos. Os vertedeiros incontrolados. Os residuos tóxicos. Redución dos materiais de desfeito: racionalización do consumo, reutilización e reciclado. ■

(*) M^a Xosé Camba, M^a del Carmen Cid, M^a Dolores Dapía, Pilar Latorre, Pedro Membiela, Emilia Nogueiras, Rosa Pías e Mercedes Suárez (Grupo Gaia).

EN DEFENSA DOS RECURSOS MARIÑOS

Os/as galegos/as temos que loubarnos da labouira dos nosos mariñeiros, polo seu duro traballo a procura da mellor calidade do peixe que cada día chega aos nosos mercados, pero tamén pola rexa e firme defensa que están a



facen das artes tradicionais de pesca e consecuentemente do medio mariño. Coa súa postura conquistaron a solidariedade de todas as xentes do país e do Estado, fixeron a presión necesaria para facerse ouvir en Bruxelas aprobándose por ampla maioría na Cume de Ministros de Pesca da UE o 6 de Setembro, e no Pleno do Parlamento Europeo o 29 de Setembro a prohibición de volantas a partires de 1995. ADEGA tamén se uniu as campañas promovidas por Cofradías de Pescadores, Radio Voz e outros grupos ecoloxistas como CEMMA, que tentaban presionar aos organismos de Pesca da UE co envío masivo de Postais ao Ministro de Pesca da UE. Esta vez saíu ben, mais non hai que baixar a garda nen escatimar esforzos na defensa e coidado dos nosos recursos naturais. ANIMO. ■

Concha Fernández

TRIAL NA "FERVENZA DO TOXA-CARBOEIRO", NUNCA MAIS

O pasado día 2 de Outubro de 1994 celebrouse o Campionato de España de Trial no espazo natural de interese catalogado nas Normas Subsidiarias e Complementarias da Consellería de Política Territorial e na Consellería de Agricultura como de Alto Valor Ecolóxico.

Este ecosistema ten unha diversidade biolóxica moi singular ó tratarse de fragas nas que se dan especies eurosiberianas e mediterráneas, sendo moi abundantes as sobreiras e érbedos; hai moi poucos anos as boticas da comarca surtíanse das herbas e prantas desta fermosa paraxe. A fauna tamén é moi rica, destacando que cría o falcón peregrino, así como o martiño peixeiro; son abundosas a lontra e a salmántiga rabilonga, entre outras moitas especies.

A pesar de artellarse un fronte de oposición á proba en Silleda (Asociación de donas XUNTANZA, Asociación de veciños OLAIA, partido da oposición PSOE, Galiza Nova de Lalín) e das denuncias presentadas pola Asociación ANIDA e por ADEGA, e os escritos de apoio da CODA, AGENG e os grupos ecoloxistas galegos, non se rexeitou, e levouse a cabo.

A Peña Motorista Viguesa, organizadora da proba, evidenciou unha total falta de sensibilidade, ocasionando danos graves á natureza (talas de árbores,

arbustos, destrución de vexetación autóctona e rochas) para "acondicionar" as zonas.

En canto ós danos ocasionados polas motos son os de sempre: destrución da cuberta vexetal, contaminación acústica e fluvial, entre outros; só que neste caso máis graves por tratarse dun ecosistema tan fráxil.

O alcalde do Concello, Juan Salgueiro, do Partido Popular, recoñeceu os danos, aínda que os valora de forma distinta a nós; afirmou por escrito diante de nós e da Prensa que non se volverá a facer unha proba deste tipo neste espazo natural, e que se vixiará e prohibirá a práctica desta especialidade motorística na zona. Porque a proba víase vir desde que Juan Casares, presidente de NN.GG., ía facer trial a este espazo natural as fins de semana; foi ademais o relacións públicas da proba. (Contradicións do presidente dunha organización que presume de preocuparlle o medio natural).

Realmente o problema empeza agora, e xa veremos como se van a parar os motoristas que veñan practicar o trial a esta zona. ANIDA vai solicitar unha maior protección nesta paraxe, pedindo xa de forma inmediata a prohibición de baixar os coches ó pé da fervenza. ■

Lito Andión
ANIDA



A TALA CONTROLADA SEM CONTROLO

Como todos sabemos, na actualidade, para realizar cortas arborícolas é perceptiva unha licéncia que outorga a Consellería de Agricultura a través do Servicio de Produción Forestal.

Sem embargo, estas licéncias som, em realidade, unha especie de carta branca para os madeireiros, pois unha vez expedida, ningunha se preocupa de vigilar a tala e muito menos de comprobar se o concesionario se ajustou realmente aos termos establecidos na mentada licéncia. Isto nom ocorre em Euskadi, onde os guardas florestais tenhem a obriga de indicar-lhe aos madeireiros quais som as árbores que se podem talar.

Umha consequéncia imediata desta maneira negligente de actuar que tem a nosa admistración é a pouca selectividade com que se realizan as cortas, chegando-se incluso a talar árbores autóctonas centenárias e/ou exemplares significativos doutras espécies.

Pero quizá o mais grave de todo seja o feito de permitir o Servicio de Produción Forestal talas dentro dos espazos naturais protegidos, zonas estas que som muito vulneráveis, ao carecerem de Planos de Ordenaçom dos seus recursos, e onde as talas improvisadas podem causar e causam verdadeiros estragos.

Exemplo do que vimos de dicer som os feitos acontecidos dentro dum Espaço Natural da Limia con-

hecido como "VEIGA DE PONTE-LIÑARES" onde no mes de setembro o SEPRONA comprovou que as talas de carvalhos centenários realizadas por unha empresa madeireira estavam autorizadas polo Servicio de Produción Forestal de Ourense. De inmediato um membro do noso grupo se personou diante do responsable directo do citado serviço que, depois de questionar o seu interese polo conflito, indicou-lhe de maus modos que as licéncias eram todas correctas e as talas estavam perfectamente planificadas. Somente lhe faltou dicer que os ecologistas eramos uns histéricos quando nom uns tabaos mui molestos, mas estamos seguros de que asi o pensou. ■

MEL (Movimento Ecoloxista da Limia)



DE ÁRBORE EN ÁRBORE POR SAN VALENTÍN

X.A. Muñiz Tenreiro,
M.V. Díaz Castañeira e
M. Pena Bouza.

Colexio Público "A Xunqueira". San Valentín.FENE. - Consellería de Agricultura Gandeiría e Montes, da Xunta de Galicia. 1994.


Valioso e útil material didáctico o que contén esta carpeta, reflexo dunha práctica educativa baseada nos auténticos protagonistas da aprendizaxe: os nenos e nenas. Para os do Colexio Público "A Xunqueira", de San Valentín (Fene) está deseñado este traballo que pode e debe ser xa unha referencia para quen pretenda achegar as árbores ornamentais ó mundo da infancia (e mesmo da xuventude).

A carpeta, atractiva na súa presentación, componse de distintos elementos que na súa diversidade conforman un todo que convida á aprendizaxe activa: A "Guía didáctica", en tamaño 35 X 25, contén información xeral acerca das árbores e do seu interese, plano da zona, relación de árbores de cada xardín e catálogo-inventario das mesmas,... e máis propostas de actividades variadas, para a aula e

para fóra dela. O "Caderno de campo" consta de fichas de investigación e localización, e fichas informativas (con descripción de 12 das especies arbóreas) que se completan con fotografías-pegatinas, presentadas a parte, a situar en determinados ocos das fichas. A todo o cal se engade planos da zona con propostas de acción e outros complementos significativos.

En suma, "De árbore a árbore por San Valentín" é un material suxerente, que abrangue contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais, cun formato orixinal e flexible de fácil e apetecible manexo: de seguro, o alumnado resultará gratificado e enriquecido co seu uso.

Elvira Cienfuegos.



UN ANO NOS ANCARES

Xurxo de Vivero
Colección "Roteiros"
Xerais, Vigo 1994

Neste tempo en que proliferan as guías que incitan ós percorridos


pola natureza, e mesmo acabanse de publicar algunhas sobre Os Ancares, aparece este novo libro de Xurxo de Vivero, que anima tamén a que se coñezan estas montañas, mais que pouco ten que ver cos habituais libros de roteiros. Pois este libro é bastante mais que iso, posto que é tamén como unha reportaxe da realidade humana e ecolóxica dos Ancares, sendo de igual interese para visitantes como para estudiosos. O ánimo do autor é que nos acheguemos ós Ancares non como fugaces turistas en tropel, senon dun xeito intimista e comprometido.

Non esquezamos que quen fai o libro é un dos mais profundos coñecedores dos Ancares, amante e defensor acérrimo destas montañas polas que leva infinidade de tempo batallando desde o seu persoal compromiso ecoloxista. Por iso é de destacar o audaz atrevimento do autor por facer este libro, sabedor dos perigos do turismo para a natureza, optando por contribuir a inevitable difusión turística dos Ancares, precisamente como estratexia de conservación; pretende que os seus habitantes se beneficien e comprometan coa preservación do medio, se reoriente o turismo masivo exclusivamente cara ás aldeas, e que aqueles visitantes mais conscientes perciban mellor os sagrados valores do terreo que pisan.

O libro é como un diario da natureza e da vida nos Ancares, ó longo dun ciclo anual completo, de xaneiro a decembro. Semán a semán, percorrendo de cada vez rotas distintas, recóllense as observacións e visicitudes do autor contadas tal como as emocións ou pensamentos lle veñen ó paso, motivandolle sobre todo numerosas reflexións conservacionistas. Por iso mesmo, os seus relatos e descrições naturalistas son dunha grande espontaneidade, emotividade e sinxeleza, que distinguen ó verdadeiro amante da natureza, non coa linguaxe complexa e lonxana que acostuman os erúditos. Pormenoriza sobre todo nas cualidades estéticas de todo canto pola súa beleza atráelle a atención, e fai que nós mesmos sintamos as súas propias emocións, alegrias e cansanzos, na soedade da montaña.

Xunto cos itinerarios descritos, preséntase no libro numerosas fichas de animais, plantas e monumentos, así como un completísimo índice faunístico, botánico e toponímico, complementándose o texto con abundantes fotografías e ilustracións. O autor percorreu para nós a totalidade dos Ancares, sen que quedase aldea por visitar ou monte sen subir; e pódese dicir que probablemente no libro non queda por referir ningún dato significativo sobre a natureza dos Ancares.

Roxélio Pérez Moreira.



CARNOTA
Guía de itinerarios I

Seminário interdisciplinar de formación do profesorado "Proxecto Carnota"

É este um livro insólito no panorama edito-

rial galego, primeiro por que um grupo interdisciplinar de profesores, estudiosos do meio onde traballan, constituen-se, assi mesmo, en editores para dar a conhecer esse meio, pero sobretudo porque se bem hoje em dia temos já umha boa representación de guias dedicados ao estudo de diferentes grupos de seres vivos, padecemos umha carência grandísima de publicacións que nos describam zonas concretas e nos incitem a conhecê-las da melhor maneira possível como é a de andar o caminho.

No livro proponhen-se-nos cinco roteiros nos que um pode observar

diferentes ecossistemas (rochedos, matos, marismas, praias,...) ao mesmo tempo que vamos percibendo a pegada do home na paisage ao longo da história (petroglifos, restos castrejos e medievais...), e tamém a maneira em que o home foi transformando esse meio e aproveitando os recursos naturais (caminhos lajeados, casa do sal, moinhos de água e vento, fábricas de salaçom,...). Todo isto acompanhado dumha mui boa descriçom gráfica, de explicaçoms das espécies e processos geológicos ou de referências históricas.

Este guia, sem dúvida, é um contributo a um melhor conhecimento da sua terra para as gentes de Carnota, mas tamém é umha base ideal para qualquer galego que se queira introducir no conhecimento do ambiente litoral do nosso país num sentido amplo, ecológico, histórico, antropológico. Por todo isto desejamos que o projecto tenha continuidade como parece indicar o número 1 que aparece na capa do livro. ■

Jesus Pereiras.

TELÉFONO VERDE 320-340

CONCELLO DE FERROL



Fai vale -lo teu
Dereito a un
Medio Ambiente Saudable



OLOR A TERRA VEXETAL, UMBRIA,
terra mollada por secretas fontes
ou por un mar de silandeira choiva
solpresiva, salgada coma sangue.

Olor a pozo, liquen ou fieito,
a mesto canaval asulagado,
a escura cova, a casa milenaria
cuberta de edra e pálidos coucelos.

Olor a cousa familiar e quente,
a faio de madeira escura de anos,
a celeiro ou a tulla de centeo:

Olor que me embriaga e me remove
coma trebón de cálidos diloivos,
coma rio de luz e altas escumas.

*DARIO XOHAN CABANA.
Abrelle a porta ó dia.*

A TUA REVISTA
cerna naturalmente